



# DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 3 de outubro de 2025





## **RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 3 DE OUTUBRO DE 2025.**

\* Declaración institucional para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios.

### **Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2025, do 12 de setembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 1 de setembro ao 28 de setembro de 2025.
3. Dación de conta da comunicación dos Grupos Políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

### **Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís**

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2025 na Provincia da Coruña. A mocidade activa por unha lingua viva!"
5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto A liña do galego no ano 2025
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a Programación cultural do ano 2025: Ciclo "Martes das artes".

### **Comisión de Política Social, Educación e Mocidade**

7. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2025 e o correspondente convenio de colaboración.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos**

8. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Betanzos polo que se suscribe unha subvención nominativa para as obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza.
9. Aprobación da modificación do modelo de convenio de obras para concellos aprobado por acordo plenario de data 25 de maio de 2012, que será substituído polo modelo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello / Entidade de dereito



público de para o financiamento da obra denominada . .

10. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de reposición do céspede no campo de fútbol municipal de Santiso".

11. Toma de coñecemento do modificado do proxecto de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.

### **Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios**

12. Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 para regular o POS+ Adicional 4/2025 e os seus anexos

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora Praza Pública de Santa Marta de Babío", do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0004.0 levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

14. Aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión de selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.

### **Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital**

15. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a agosto de 2025.

16. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 4/2025 de aprobación polo Pleno.

17. Dación de conta da resolución de presidencia número 39885/2025, relativa ao persoal eventual.

18. Dación de conta da resolución de presidencia número 42274/2025, relativa ao persoal eventual.

19. Dación de conta da resolución de presidencia número 43218/2025, relativa ao persoal eventual.



### **Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria**

20. Aprobación da prórroga do convenio co Concello de Ames para o financiamento do proxecto "Creación dun área de autocaravanas en Bertamiráns"

21. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o apoio e promoción da "XLII FESTA DA FILLOA DE LESTEDO"

22. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o apoio e promoción da "50 EDICIÓN DA FESTA QUEIXO DE ARZUA"

23. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o apoio e promoción da "XXI FESTA DO PAN DE CARRAL 2025"

### **Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente**

24. Aprobación da modificación dos apartados 2, 3.2, 6 e 7 do texto do Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027

25. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) para cofinanciar o proxecto "ADEGA 50 Aniversario".

26. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para financiar o proxecto "Informe completo A Economía Galega. Informe 2024".

27. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación Baroña para financiar a obra e subministración de equipamento para o proxecto de "Obra e subministración de equipamento para a creación do Centro de Transformación Colaborativo Alimentario Baroña", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2025.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais**

28. Aprobación técnica do proxecto da obra DP 4802 Perbes a Campolongo; Mellora da seguridade viaria. Senda desde o punto quilométrico 4+771 ao 5+482 (Pontedeume), incluída no Plan de Sendas Peonis 2025

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1. Moción do Grupo Provincial Popular para esixir responsabilidades sobre os fallos do sistema COMETA



2. Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa aos discursos de odio e á violencia política

3. Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa ao Xenocidio Israelí en Gaza

ROGOS E PREGUNTAS



## Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 3 de outubro de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 3 de outubro de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

### Deputados/as

#### Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

**Actúa como secretario:** don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.



Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Comezamos esta sesión ordinaria de Pleno coa declaración institucional sobre os incendios, a vaga de lumes deste verán.

Como manifestación da vontade concorde dos membros da Corporación, procédese a transformación da Moción para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios na Declaración institucional para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios.

Sr. Secretario

**Declaración institucional para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios**

1. Solicitar, ás administracións competentes estatal e autonómica, no ámbito das súas competencias (nomeadamente Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) que se intensifiquen e coordinen as medidas de recuperación ambiental, incluíndo actuacións inmediatas de protección do solo, restauración hidrolóxica e forestal, e plans de recuperación da biodiversidade das zonas queimadas.
2. Instar á Xunta de Galicia a fortalecer os programas de prevención e vixilancia en colaboración cos concellos, garantindo o reforzo das brigadas, a mellora das infraestruturas de defensa e a limpeza de masas forestais nas zonas de maior risco.
3. Propoñer a creación de mecanismos de coordinación permanente entre a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta fronte a futuros episodios de incendios forestais.
4. Instar ao Goberno de España á creación dunha base permanente da Unidade Militar de Emerxencias (UME) en Galicia, nas instalacións do Centro Integral de Loita contra o Lume no concello de Toén.
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural, ás deputacións e á Fegamp, convidando a todas as administracións a sumar esforzos no camiño da prevención, recuperación e defensa do noso territorio.





**1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2025, do 12 de setembro.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 9/2025, do 12 de setembro

**2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 1 de setembro ao 28 de setembro de 2025.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 1 de setembro ao 28 de setembro de 2025.

**3.- Dación de conta da comunicación dos Grupos Políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.**

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.



Con data do 15 de setembro de 2025, a composición das Comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO'	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
<b>COMISIÓN DE CULTURA, IGUALDADE, LINGUA E DEREITOS CIVIS</b> 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>Natividade de Jesús González Rodríguez</b> Secretaría: Manuela Muñiz Souto	Caamaño López, José Manuel Calvelo Martínez, José Carlos Lorenzo Torres, Miguel Rodeiro Tato, Ovidio De Deus Fonticoba, Juan Domingo	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad González Rodríguez, Natividade De Jesús	Ángel García Seoane
<b>COMISIÓN DE DEPORTE</b> 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Antonio Leira Piñeiro</b> Secretaría: Sofía Agrafojo Rey	García Pose, Juan Carlos Pereiro Liñares, Eduardo Antonio Valiño Pena, María Yolanda Piñeiro Fernández, Diana Suárez Carballo, Rubén	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad Veira González, Avia	Ángel García Seoane
<b>COMISIÓN DE SECTORES PRODUCTIVOS: MAR E MEDIO RURAL</b> 17:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>Cristina Capelán Cancelo</b> Secretaría: Dolores Sánchez González	Caamaño López, José Manuel Calvelo Martínez, Carlos Pereiro Liñares, Eduardo Antonio Valiño Pena, María Yolanda Rodeiro Tato, Ovidio	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María	García Rey, Cristina González Rodríguez, Natividade De Jesús	Ángel García Seoane
<b>COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, EDUCACIÓN E MOCIDADE</b> 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>María Del Mar García Vidal</b> Secretaría: Carolina Buhigas Jack	García Gorostizu, Izaskun García Pose, Juan Carlos De Deus Fonticoba, Juan Domingo Suárez Carballo, Rubén	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María	González Rodríguez, Natividade De Jesús Veira González, Avia	Ángel García Seoane



<p><b>COMISIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E OBRAS PROVINCIAIS</b> 17:00 h mércores Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidenta: <b>Mónica Rodríguez Ordóñez</b> Secretario: Beatriz Méndez López</p>	<p>Piñeiro Fernández, Diana Calvelo Martínez, José Carlos García Pose, Juan Carlos Pereiro Liñares, Eduardo Antonio Valiño Pena, María Yolanda Rodeiro Tato, Ovidio</p>	<p>Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica</p>	<p>Penas Corral, Xosé Luis Veira González, Avía</p>	<p>Ángel García Seoane</p>
<p><b>COMISIÓN DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTOS</b> 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidente: <b>Xosé Luis Penas Corral</b> Secretario: Beatriz Méndez López</p>	<p>Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel De Deus Fonticoba, Juan Domingo Suárez Carballo, Rubén</p>	<p>Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica</p>	<p>García Rey, Cristina Penas Corral, Xosé Luis</p>	<p>Ángel García Seoane</p>
<p><b>COMISIÓN DE PLANS PROVINCIAIS E ASISTENCIA A MUNICIPIOS</b> 17:00 h xoves Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidenta: <b>Cristina García Rey</b> Secretaria: Susana Rouco Penabad</p>	<p>Calvelo Martínez, José Carlos García Pose, Juan Carlos Pereiro Liñares, Eduardo Antonio Valiño Pena, María Yolanda Rodeiro Tato, Ovidio</p>	<p>Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón</p>	<p>García Rey, Cristina Penas Corral, Xosé Luis</p>	<p>Ángel García Seoane</p>
<p><b>COMISIÓN DE FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL</b> 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno</p>	<p>Presidente: <b>José Ramón Rioboo Castro</b> Secretaria: M<sup>ra</sup> José Vázquez Sesmonde</p>	<p>Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel De Deus Fonticoba, Juan Domingo Piñeiro Fernández, Diana</p>	<p>Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón</p>	<p>Penas Corral, Xosé Luis Veira González, Avía</p>	<p>Ángel García Seoane</p>
<p><b>COMISIÓN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA, ARTESANÍA, COMERCIO E CADEA AGROALIMENTARIA</b> 17:00 h Venres</p>	<p>Presidente: <b>Xosé Regueira Varela</b> Secretaria: María Teresa Loureiro Ventureira</p>	<p>Calvelo Martínez, José Carlos García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Rodeiro Tato, Ovidio</p>	<p>García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María Rioboo Castro, José Ramón</p>	<p>Agra Tuñas, María Soledad Regueira Varela, Xosé</p>	<p>Ángel García Seoane</p>

\*RPT-6654235



Semana anterior ao Pleno <b>COMISIÓN DE INDUSTRIA, EMPREGO, POLÍTICA DEMOGRÁFICA E MEDIO AMBIENTE</b> 17:30 h venres Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>Rosa Ana García López</b>  Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Válifo Pena, María Yolanda Amado De La Fuente, José Ramón De Deus Fonticoba, Juan Domingo Pereiro Liñares, Eduardo Antonio Piñeiro Fernández, Diana Suárez Carballo, Rubén	García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María Rioboo Castro, José Ramón	Agra Tuñas, María Soledad Regueira Varela, Xosé	Ángel García Seoane
--	---	---	--	--	---------------------

<sup>1</sup> RP 2023/33137 nomeamento presidentes Comisións Informativas.

RP 2025/16938, nomeamento secretarios Comisións Informativas. Delegación secretario Miguel Iglesias Martínez



#### **4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2025 na Provincia da Coruña. A mocidade activa por unha lingua viva!"**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12/09/2025.

2. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establécese como obxectivo estratéxico E.09 "*Contribuir aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos*" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais.
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 2025-2027 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve a entidade, e tendo en conta o grande apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

3. Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, correspondente á subvención nominativa por importe de 20.000,00 euros co obxecto de financiar o proxecto "Correlingua 2025 na Provincia da Coruña. A mocidade activa por unha lingua viva!". A porcentaxe de financiamento proposta é do 54,47% de acordo co texto do convenio que se achega.



4. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente orzamento."

Todo o anterior, despois dos informes da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e ditame previo da Comisión de Cultura, Lingua e Dereitos Cívís.

Anexo

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA, CIF G70325683, PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2025 NA PROVINCIA DA CORUÑA. A MOCIDADE ACTIVA POR UNHA LINGUA VIVA!”**

Na Coruña, o            de            de            na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante,

**REUNIDOS**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

A Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683 organiza desde 2001, coa denominación que adoptaron de Correlingua, diversas actividades a prol do idioma por Galicia, un proxecto de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade, alumnado e centros de ensino de titularidade pública e privada, de diferentes niveis a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

As actividades máis visíbeis para a sociedade son as FESTAS e CARREIRAS que se celebran nas principais cidades do país, o traballo esténdese ao longo de todo o ano, con actividades que teñen por obxecto traballar sobre a lingua de maneira que o Correlingua interactúa cos centros de ensino no curso 2024-2025 e no 2025-2026 e contribúe así á sensibilización co noso idioma e a darlle o protagonismo na preparación de contidos e argumentos ao alumnado participante.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei



de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondentes.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o convenio de colaboración conforme as seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, para financiar o proxecto 'Correlingua 2025 na Provincia da Coruña. A mocidade activa por unha lingua viva!' (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego



e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a actividade

### GASTOS

1. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES	29.403,65€
1.1 Actividades nos centros ensino participantes Correlingua	1580,00€
• Obradoiros de escrita "Desata a lingua" impartido por por Lucía Aldao	880,00 € 700,00 €
• Obradoiro Premio Crealingua	
1.2 Contratación de profesionais	24.353,15 €
• Presentación Festa Coruña Isabel Risco	393,25 €
• Pauliña (Cantalingua) na Festa da Coruña	1.100,00 €
• Sonorización e palco Festa da Coruña	3.369,85 €
• Comunicación e redes sociais Merlolab Concello Coruña	665,50 €
• Mekánika Rolling Band (Cantalingua) Festa de Compostela	1.300,00 €
• Sonorización Festa de Santiago de Compostela	1.778,70 €
• Presentación Isabel Risco Festa de Santiago de Compostela	393,25 €
• Comunicación e redes sociais Merlolab Concello Santiago	308,55 €
• Presentación Festa Ferrol Isabel Risco	605,00 €
• Pauliña (Cantalingua) na Festa de Ferrol	2.200,00 €
• Comunicación e redes sociais Merlolab resto provincia	1.331,00 €
• Coordinación Correlingua nóminas	10.908,05 €
1.3 Desprazamentos alumnado	3.470,50 €
• Autobuses para o desprazamento do alumnado a Festa de Ferrol	2.150,50 €
• Autobuses para el desprazamento do alumnado a Festa da Coruña	1.320,00 €
2. DESEÑO - EDICIÓN DO MATERIAL	7.317,00 €
2.1 Deseño imaxe Correlingua 2025 Xulia Pisón	650,00 €
2.2 Vídeo resumo Correlingua e Regueifando	750,20 €
2.3 Agasallos para o alumnado: mochilas	5.317,95 €
2.4 Aloxamento web	133,10 €
2.5 Materiais promoción: carteis, lonas, rollers	465,75 €

TOTAL GASTOS 36.720,65 euros





## INGRESOS PREVISTOS

Deputación de Coruña	20.000,00 €
Concello de Santiago de Compostela	4.000,00 €
Concello de Ferrol	2.500,00 €
Concello de Coruña	10.000,00 €
Concello de Carballo	220,00 €
Asociación Cultural Correlingua	0,65 €

TOTAL INGRESOS PREVISTOS 36.720,65 €

Asociación Cultural Correlingua acredita que dispón de financiamento suficiente para asumir a parte do orzamento da actividade que non estea financiada pola Deputación.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe do 54,47%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 54,47% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Correlingua. Non



se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.



## VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025** como máximo.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe



constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a



identificación de Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o **exercicio 2026**, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2026 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.



Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003 do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto A liña do galego no ano 2025**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

##### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“1.Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12/09/2025.

2. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:



a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establécese como obxectivo estratéxico E.09 "Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais.
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 2025-2027 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve a MESA, e tendo en conta o grande apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

3. Aprobar o convenio coa Mesa pola Normalización Lingüística, G15154610, correspondente á subvención nominativa por importe de 40.000,00 euros co obxecto de financiar o proxecto A liña do galego no ano 2025. A porcentaxe de financiamento proposta é do 80,00 % de acordo co texto do convenio que se achega.

4. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente orzamento."

Todo o anterior, despois dos informes da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e ditame previo da Comisión de Cultura, Lingua e Dereitos Cívís.

Anexo

**"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (MESA), CIF G15154610, PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2025**

Na Coruña, o            de            de            na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante,

**REUNIDOS**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación de Mesa pola Normalización Lingüística



Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

## MANIFESTAN

Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un proxecto necesario, singular e excepcional porque sen negar os evidentes avances, o proceso de normalización non chegou ao seu fin. O obxectivo desta liña é romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego. Neste sentido denuncian incumprimento de acordos e lexislación nacionais, estatais e internacionais en relación á lingua.

A liña é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación, dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para Apple e Android para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación para darlles solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a





actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondentes.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Mesa pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar “A Liña do galego 2025” servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

#### ORZAMENTO DE GASTOS

App A Liña do Galego	Renovación e actualización da App para móbiles e tablets Android e Apple	300,00€
Persoal	Nóminas correspondentes a un ano para atención, xestión, asistencia xurídica, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego	43.000,00€
Deseño e impresións	Deseño e impresións do informe da Liña do Galego e da App	600,00€



Envíos	Distribución do material con información do proxecto a Liña do Galego	500,00€
Comunicación	Comunicación dos actos relacionados coa Liña do Galego	5.600,00€
TOTAL		50.000,00€

### ORZAMENTO DE INGRESOS

A Mesa pola Normalización Lingüística	Achega con fondos propios das cotas de socias e socios	10.000,00€
Deputación da Coruña		40.000,00€
TOTAL		50.000,00€

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a MESA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada a MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.



- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2025** como máximo.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se *devenguen* dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.



## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación



da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o **exercicio 2026** autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2026 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa



de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

**6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a Programación cultural do ano 2025: Ciclo "Martes das artes".**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 €, á



Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a *Programación cultural do ano 2025: Ciclo “Martes das artes”*, cun orzamento subvencionado de 25.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de setembro de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural do ano 2025: Ciclo “Martes das artes”*. ”**

Na Coruña a

### REÚNENSE

Don/a ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ....., en representación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

### EXPOÑEN

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, fundada por Real decreto do 31 de outubro de 1849, é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *“en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Academias”* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Academias de Galicia.

No dito decreto *“se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza*





*pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente.”*

2.- Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museoloxía, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades presentadas pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

4.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, co NIF: Q1568002H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación cultural do ano 2025: Ciclo “Martes das Artes”**.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>Servizos de profesionais independentes</b>	
Honorarios conferenciantes, poñentes e participantes en mesas	6.000,00
Honorarios músicos: concertos	2.000,00
Gravación de conferencias, concertos, e actividades culturais	7.260,00
Coordinación das actividades organizadas dentro do "Martes das artes"	7.260,00
<b>Publicidade, propaganda e relacións públicas</b>	
Material gráficos e difusión das actividades	1.580,00
<b>Subministracións</b>	
Gastos xerais	900,00
<b>Total orzamento</b>	<b>25.000,00</b>



### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación e execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.



## V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

## VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.



## VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

## VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario



deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica



3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**7.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2025 e o correspondente convenio de colaboración.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o *Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2025*, cun orzamento subvencionado de 126.184,44 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 11 de setembro de 2025.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2025.**

Na Coruña, a

### **REUNIDOS**

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.



Don/a -----en representación do Consorcio As Mariñas.

## EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de Administración Local de Galicia 5/97 artigos 109 a 119, así como na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, artigo 63 a cal establece que as deputacións proporcionarán asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Consorcio As Mariñas, con NIF: P1500011J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2025*.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio As Mariñas.

O Consorcio as Mariñas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS		TOTAIS
	NOME DO POSTO	SOLDOS E SALARIOS	COTA PATRONAL
ASESOR/A XURIDICO/A	37.099,18 €	11.967,00 €	49.066,18 €
ASESOR/A XURIDICO/A	36.486,34 €	11.749,56 €	48.235,90 €
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	21.883,72 €	6.998,64 €	28.882,36 €
<b>TOTAL GASTO</b>			<b>126.184,44 €</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 47,54944 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto

\*\*RPT-6654235





correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 47,54944 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio As Mariñas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio As Mariñas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio As Mariñas, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Consorcio As Mariñas no ano 2025, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Consorcio As Mariñas.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o

\*\*RPT-6654235



cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

## VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega anual da Deputación Provincial da Coruña seralle abonada ao Consorcio As Mariñas unha vez

que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable



lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Consorcio As Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio As Mariñas deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026 autorice o correspondente Orzamento.



2.- Previa solicitude do Consorcio As Mariñas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**8.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Betanzos polo que se suscribe unha subvención nominativa para as obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de Betanzos polo que se suscribe unha subvención nominativa para as obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza, ata o 31 de outubro de 2026 condicionada á



existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.”

**9.- Aprobación da modificación do modelo de convenio de obras para concellos aprobado por acordo plenario de data 25 de maio de 2012, que será substituído polo modelo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello / Entidade de dereito público de para o financiamento da obra denominada .**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“1º.- Aprobar a modificación do modelo de convenio de obras para concellos aprobado por acordo plenario de data 25 de maio de 2012, que será substituído polo **MODELO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO / ENTIDADE DE DEREITO PÚBLICO DE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA** (ver anexo).**

**2º.- Publicar o contido** do citado modelo de convenio, para darlle unha maior difusión no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación provincial da Coruña

### **ANEXO**

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO / ENTIDADE DE DEREITO PÚBLICO DE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA**

**Na Coruña a .....**

### **INTERVEÑEN**

**Dunha parte**, a Deputación Provincial da Coruña con NIF....., representado polo seu Presidente, D. ....(ou deputado/a no que delegue),(No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario xeral, D. ....(ou quen legalmente lle substitúa) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

**E, doutra parte**, o **Concello de /Entidade**....., con NIF....., representado polo seu Alcalde/sa / Presidente



D. ....(ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto,

### ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do Concello de \_\_\_\_\_ / ou por acordo da Asamblea Xeral da ENTIDADE....., no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos :

“xxxxx.....”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o .....

### COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de (Cultura, Deportes, Servicios Sociais, etc.) \_\_\_\_\_ que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial ( art.36.1, letra d).

### MANIFESTAN

Que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o/a **ENTIDADE/CONCELLO DE \_\_\_\_\_** (**NOME E NIF DA ENTIDADE BENEFICIARIA**) para o financiamento da obra denominada \_\_\_\_\_(DENOMINACIÓN DA OBRA QUE FIGURA NO PROXECTO TÉCNICO), tal como aparece definida no proxecto redactado por



DON/DONA \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_.

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

## II- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material	
Gastos xerais (13%)	
Beneficio Industrial (6%)	
IVE (21%)	
Presuposto de Contrata	

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de \_\_\_\_\_ euros, o que representa unha porcentaxe do \_\_\_\_\_ % (expresión en tanto por cento con cinco decimais), que constitúe o "coeficiente de financiamento". A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.
2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado .

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de





redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación xxxx/xxxx/xxxx do orzamento provincial para o ano xxxx , na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento a este apartado.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao **ENTIDADE BENEFICIARIA** a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e



xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegárase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

#### V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
  - Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
  - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
  - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
  - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
  - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
  - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
  - **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
  - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
  - **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada



pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificando deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

## VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.
2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS, COA SEGURIDADE SOCIAL E COA DEPUTACIÓN

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das



- obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .
2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.
2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.
4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.
5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento



contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

#### **XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do Concello de/Presidente da entidade \_\_\_\_\_, ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.
2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.



#### XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 30/10/N+1, o que representa un período de vixencia de xxx meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.
3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

**De considerarse xustificadas os motivos aducidos**, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O **dito prazo será máximo** e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)



6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

#### **XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación.. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase : electrónicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*).

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

O Alcalde-Presidente/ Presidente da **ENTIDADE BENEFICIARIA**

O Secretario Xeral da Deputación da Coruña

**10.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de reposición do céspede no campo de fútbol municipal de Santiso".**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación



provincial da Coruña e do Concello de Santiso **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras de reposición do céspede no campo de fútbol municipal de Santiso**”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Santiso polo que se instrumente unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras de reposición do céspede no campo de fútbol municipal de Santiso**”, cunha achega provincial de **123.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización** o que representa un coeficiente de financiamento do **66.25420%** respecto dun orzamento de **185.648,62 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

#### ANEXO

### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTISO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DO CÉSPEDE NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SANTISO

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Fernández, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. \_\_\_\_\_ o Alcalde-Presidente do Concello de **Santiso**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

#### MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor





capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Santiso** considera de primeira necesidade as obras do **de reposición do céspede no campo de fútbol municipal de Santiso.**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*“...O Concello de Santiso conta cun campo de fútbol de herba artificial, construído hai aproximadamente 20 anos, e que debido ao gran uso destas instalacións (na actualidade xogan e entrenan practicamente a diario tres equipos de fútbol: un senior, un de veteranos e un feminino) precisa ser substituído. Trátase polo tanto dun proxecto singular de especial importancia para a poboación deste municipio...”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Santiso** ambas as dúas partes

### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Santiso** con CIF P1508000E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento as obras de reposición do céspede no campo de fútbol municipal de Santiso, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro número de Colexiado 22.992 asinado en maio de 2025.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así



como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	128.931,60 euros
Gastos xerais 13,00%	16.761,11 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	7.735,90 euros
IVE (21%)	32.220,01 euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>185.648,62 euros</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **123.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **66.25420%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **66.25420 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria \_\_\_\_\_, na que a Intervención provincial ten certificado



que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública



e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.



g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes



de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.



## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En



ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **11.- Toma de coñecemento do modificado do proxecto de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.**

Toma de coñecemento do modificado do proxecto de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.

#### **12.- Aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 para regular o POS+ Adicional 4/2025 e os seus anexos**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos





de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión que tivo lugar o o 29 de novembro de 2024, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, e que inclúen a regulación do POS+ 2025, e do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 e unha previsión do POS+Adicional 2/2025, que foron obxecto dunha alegación que foi desestimada mediante acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025, quedando definitivamente aprobadas as Bases

Logo de ver o Expediente de modificación de créditos 4/2025, que se somete á aprobación polo pleno desta deputación na mesma que esta modificación das bases, no que se consigna a cantidade de 22.000.000,00 € para o financiamento do POS+ Adicional 4/2025

Visto o texto da base 15 e os Anexos XXVII e XXVIII redactados para regular o POS+ Adicional 4/2025

1.- Aprobar a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, para engadir a base 15 e os anexos XXVII e XXVIII para regular o POS+ Adicional 4/2025, destinado ao financiamento dunha maior achega provincial ao POS+ 2025 a través do POS+ ADICIONAL 4/2025, destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos, da minoración da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial ou para a realización de investimentos financeiramente sostibles, cuxo texto figura como Anexo a este acordo.

A aprobación definitiva desta modificación das Bases queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2025, no que se consigna crédito adecuado e suficiente na partida 0430/4592/46201 para o financiamento do POS+ Adicional 4/2025.

Ademais, para a aprobación da segunda fase do Plan na que se incluían investimentos financeiramente sostibles, deberá aprobarse un novo expediente de modificación de créditos para que a consignación da achega provincial figure nos programas do capítulo VII que correspondan aos tipos de investimentos financeiramente sostibles que se incluían.

2.- Dispor a exposición pública deste expediente e do texto completo das Bases modificadas mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

4.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

5.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a

\*\*RPT-6654235



informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.



**BASES REGULADORAS  
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL  
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2025”**

**BASE 15**

**15.- POS+ADICIONAL 4/2025 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS DO EXERCICIO 2025, REDUCCIÓN DE DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN OU DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**

Esta base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia, financiado cunha achega provincial por importe de 22.000.000,00 €, que se destina ao financiamento dos gastos correntes dos concellos do exercicio 2025, redución da débeda dos concellos coa deputación ou de investimentos financeiramente sostibles, segundo se detalla a continuación.

**15.1.- Obxecto**

Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2025:

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2025, segundo se definen na base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base se se solicitaron
- Redución da débeda dos concellos coa deputación pola solicitude e aplicación do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, segundo se define na Base 14 que regula o POS+Adicional 3/2025
- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da base 2.2 e concordantes.

**15.2.- Financiamento**

O POS+Adicional 4/2025 finánciase cunha achega provincial por importe de 22.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar na aplicación orzamentaria 0430/4592/46201 do orzamento provincial a través do expediente de modificación de créditos 4/2025 que se vai someter a aprobación polo pleno desta deputación na mesma sesión que a aprobación desta modificación das Bases.

Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do dito expediente de modificación de créditos 4/2025. Ademais, para a aprobación da segunda fase do Plan na que se incluían investimentos financeiramente sostibles, deberá aprobarse un novo expediente de modificación de créditos para que a consignación da achega provincial figure nos programas do capítulo VII que correspondan aos tipos de investimentos financeiramente sostibles que se incluían.

Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

**15.3.- Destinatarios e asignación de fondos**

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios de reparto do POS que se detallan na base 4.1.



#### 15.4.- Solicitude e fases

O POS+ Adicional 4/2025 aprobarase en dúas fases e o concello poderá participar nunha fase ou nas dúas:

Na 1ª fase incluírase o financiamento de gastos correntes dos concellos do exercicio 2025 distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base se se solicitaron, ou a redución da débeda dos concellos coa deputación, polo que os prazos da súa tramitación son curtos. O prazo de presentación da documentación desta primeira fase esténdese **desde o 6 ata o 31 de outubro de 2025 ás 15:00**

Na 2ª fase incluírase o financiamento de investimentos financeiramente sostibles. O prazo de presentación da documentación desta segunda fase esténdese **desde o 3 de novembro ata o 30 de decembro de 2025 ás 15:00**.

##### 15.4.1.- 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 4/2025 UNICAMENTE PARA GASTOS CORRENTES E REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN

Os concellos que desexen financiar con cargo á 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025 gastos correntes dos concellos do exercicio 2025 distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base se se solicitaron, ou á redución da débeda do concello coa deputación, deberán presentar a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, a seguinte documentación:

#### A.- ACORDO DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE (Anexo XXVII )

##### (Convocatoria POS+AD4a- SOLICITUDE 2025)

O concello deberá presentar unha certificación do acordo adoptado polo Pleno do concello, ou de quen corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando a inclusión nesta primeira fase do POS+Adicional 4/2025 do financiamento dos gastos correntes dos concellos do exercicio 2025 distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base se se solicitaron, ou a redución da débeda do concello coa deputación, segundo o modelo Anexo XXVII.

#### B.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2025 (Anexo III)

##### (Convocatoria POS+AD4a-GASTO CORRENTE 2025)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo III a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2025 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Neste Anexo III deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial aplicada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

Do mesmo modo que se indicaba nas bases 2.1 e 5.B.1, o concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de só dous servizos públicos obrigatorios, aínda que tamén poderá aplicalo a máis servizos xustificando a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous para utilizar a achega provincial asignada, incluíndo a motivación ao final do dito Anexo III.

No caso de que o Anexo III presentado polo concello na convocatoria do Plan Base POS+gasto corrente 2025 xa inclúa unha previsión de gastos correntes por un importe **superior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2025 Base, POS+Adicional 4/2025 e, de ser o caso, POS+Adicional 3/2025, o Anexo III que se presente para o POS+ Adicional 4/2025 poderá ser o mesmo que xa se presentou no POS+ Base 2025 e deberá subirse de novo como previsión nesta convocatoria POS+ AD4a Gasto corrente 2025.



No caso contrario, se o Anexo III presentado no Plan Base POS+ gasto corrente 2025 inclúe unha previsión de gastos correntes por un importe inferior á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2025 Base, POS+Adicional 4/2025 e, de ser o caso, POS+ Adicional 3/2025, deberá subirse para esta convocatoria POS+ AD4a Gasto corrente 2025., un novo Anexo III que prevea obxectos distintos dos previstos para o POS+ Base 2025, e de ser o caso, POS+Adicional 3/2025, ata alcanzar a achega provincial solicitada no POS+ Adicional 4/2025.

### **C.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE A REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN RELATIVA AO PRÉSTAMO PROVINCIAL**

(Anexo XXVI)

#### **(Convocatoria POS+AD4a -REDUCIÓN DÉBEDA DP 2025)**

Informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención no que se indique o importe de achega provincial asignada neste Plan que se aplica a esta finalidade, segundo o modelo Anexo XXVI.

O concello unicamente deberá indicar o importe total da achega provincial asignada que aplica a esta finalidade, non sendo necesario especificar o Plan concreto, posto que esta deputación a aplicará a minorar, en primeiro lugar, ao préstamo provincial do Plan máis antigo, e dentro deste, primeiro ao que foi destinado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e, posteriormente, ao que foi destinado ao financiamento de investimentos.

#### **15.4.2.- 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 4/2025 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 4/2025 investimentos financeiramente sostibles deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, a seguinte documentación:

#### **A.- CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE (Anexo XXVIII )**

##### **(Convocatoria POS+AD4b- SOLICITUDE 2025)**

O concello deberá presentar unha certificación do acordo adoptado polo Pleno do concello, ou de quen corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando a inclusión nesta 2ª fase do POS+Adicional 4/2025 de investimentos financeiramente sostibles, segundo o modelo Anexo XXVIII.

O acordo plenario deberá indicar a denominación dos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice ou o IVE deducible aplicable. No caso de realizar algunha achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consinalo no seu orzamento para o seu financiamento.

#### **B.- PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES (Documentación da base 5.B.2)**

##### **(Convocatoria POS+AD4b- OBRASSUM 2025)**

O concello deberá subir á plataforma Subtel os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+2025 para os investimentos financeiramente sostibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuran na plataforma Subtel:

- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración, **que obrigatoriamente deberán adaptarse á estrutura que figura na base 5.B.2.1**
- Anexo V: Informe técnico sobre o investimento
- Anexo VI: Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible



- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento

Para o caso de que proceda, deberán subirse ademais os seguintes documentos:

- Anexo IX: Certificación do acordo ou resolución relativo á non división en lotes.
- Anexo Xa): Informe da Secretaría sobre investimentos relativos ao ciclo da auga.
- Anexo Xb): Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable

Lémbrese que son de aplicación neste apartado as consideracións contidas nas bases 2, 4, 5 e 7 relativas á realización de obras de abastecemento municipal de auga potable e o IVE deducible.

### 15.5.- Aprobación do Plan e pago da achega provincial

Esta deputación aprobará mediante acordo plenario o POS+Adicional 4/2025 en dúas fases partindo das solicitudes presentadas polos concellos. Na primeira fase incluírase o financiamento de gastos correntes dos concellos do exercicio 2025 distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base se se solicitaron, ou a redución da débeda dos concellos coa deputación; e na segunda fase incluírase o financiamento de investimentos financeiramente sostibles. Para todo iso seguiranse os trámites previstos na base 6.

#### GASTOS CORRENTES

A achega provincial destinada ao financiamento **dos gastos correntes** ten carácter de **prepagable** e pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo III. A posterior xustificación polos concellos realizarase de acordo co previsto para este obxecto na base 9.1, empregando o Anexo IV.

#### REDUCCIÓN DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN

En relación coa **redución da débeda** dos concellos coa deputación orixinada pola utilización de préstamo provincial, a deputación realizará as operacións contables e orzamentarias que sexan precisas, minorando en primeiro lugar a correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar á aplicada a minorar a débeda do concello con entidades financeiras e posteriormente á aplicada ao financiamento de investimentos.

#### INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

A contratación e a execución dos **investimentos financeiramente sostibles** realizarase segundo o disposto nas bases 7, 8 e 9, aínda que o prazo previsto para a contratación e execución poderán ampliarse no acordo de aprobación deste Plan.



**A N E X O XXVII**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN  
PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL ADICIONAL 4/2025**

**1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 4/2025**

D. / Dna. \_\_\_\_\_

Secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

**C E R T I F I C A** : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /2025 adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	<b>ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025</b>
<b>Gastos correntes 2025</b>	
<b>Redución da débeda do concello coa deputación</b>	
<b>TOTAL</b>	

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía,

en \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de dous mil vinte e cinco.

V. pr.  
A Alcaldía



**A N E X O XXVIII**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN  
PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA  
MUNICIPAL ADICIONAL 4/2025**

**2º FASE DO POS+ADICIONAL 4 /2025**

D. / Dna.

Secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

**C E R T I F I C A** : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /2025 adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable )		
<b>TOTAL</b>					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."





E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía,  
en

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil vinte e cinco.

V. pr.  
A Alcaldía



**13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora Praza Pública de Santa Marta de Babío", do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0004.0 levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Bergondo do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora Praza Pública de Santa Marta de Babío”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0004.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Bergondo.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario do 26 de maio de 2023, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTE
Bergondo	2023.2100.0004.0	Mellora Praza Pública de Santa Marta de Babío	47.460,23	53.542,32	101.002,55	- Autorización de Patrimonio Cultural – Xunta.

Logo de presentar o concello un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o día 22 de agosto de 2025 polo enxeñeiro de obras públicas Manuel Xácome Mariño Valencia que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 122.462,45 €, o que supón un incremento de 21.459.90 € con respecto ao primeiro proxecto presentado, para dar cumprimento ás condicións contidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.



Logo de presentar o Concello de Bergondo un informe técnico sobre as autorizacións, asinado dixitalmente o 26 de agosto de 2025, polo arquitecto municipal Roberto M. Chao Gavilán, onde se indica que o proxecto técnico modificado cumpre coas condicións contidas na autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que motivou a necesidade desta modificación

Logo de presentar o documento de retención de crédito asinado dixitalmente o día 9 de maio de 2025 pola Interventora municipal, no que se fai constar que existe crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento municipal para esta anualidade para o financiamento da achega municipal a este investimento.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora Praza Pública de Santa Marta de Babío”, do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2100.0004.0 , que foi aprobado de forma condicionada á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que polo tanto aínda non está adxudicado. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 10 de setembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos favorables, sendo a súa finalidade cumprir as condicións contidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, experimentando por este motivo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento de contrata por importe de 21.459,90€ que é asumido integramente polo Concello de Bergondo, como se reflicte na seguinte táboa:

<b>Concello de Bergondo Mellora Praza Pública de Santa Marta de Babío 2023.2100.0004.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO</b>	<b>DIFERENZA</b>
<b>Deputación</b>	47.460,23	47.460,23	0,00
<b>Concello</b>	53.542,32	75.002,22	21.459.90
<b>Total</b>	<b>101.002,55</b>	<b>122.462,45</b>	<b>21.459.90</b>

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometido este investimento no acordo plenario provincial de aprobación do POS+ 2023, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan



CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Bergondo	2023.2100.0004.0	Mellora Praza Pública de Santa Marta de Babío	47.460,23	75.002,22	122.462,45	- Autorización de Patrimonio Cultural - Xunta.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial, sendo financiado o incremento experimentado con motivo desta modificación polo Concello de Bergondo con cargo ao orzamento municipal da anualidade 2025

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Bergondo para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.”

**14.- Aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión de selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“No expediente relativo á regulación da posibilidade de que os concellos de menos de 20.000 habitantes encomenden a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1.- De conformidade co disposto no art. 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as Deputacións teñen a competencia para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.

2.- Por outra banda, a disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece que os municipios, excepto os de gran poboación, poderán encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino e persoal laboral temporal ás deputacións provinciais.

3.- A cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de persoal técnico temporalmente vacantes é unha necesidade básica de todos os concellos, a formación dunha lista provincial, xestionada desde o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, pode ser útil para estes efectos.



4.-Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na “transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente”.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

## **ACORDA**

Aprobar o seguinte convenio tipo:

**CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ..... CO OBXECTO DE HABILITAR A POSIBILIDADE DE ENCOMENDAR A XESTIÓN MATERIAL DA SELECCIÓN DO SEU PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A E ARQUITECTO/A TÉCNICO/A A ESTA DEPUTACIÓN.**

Na Coruña, na data da sinatura electrónica

## **INTERVEÑEN**

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, Don Valentín González Formoso (ou deputado/a en quen delegue), identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica, e asistido polo Secretario Xeral, Don Miguel Iglesias Martínez (ou quen legalmente lle substitúa), quen se identifica igualmente electronicamente mediante o correspondente certificado de firma electrónica, no exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, doutra parte, o Concello de ....., con NIF ....., representado polo seu Alcalde/sa Don/ Dona ....., ou concelleiro/a en quen delegue, cargo que segue desempeñando na actualidade, identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica e facultado para a subscrición do presente convenio segundo se desprende do acordo adoptado e certificado pola secretaria do mesmo de data .....

Mediante a sinatura do presente documento, Don/Dona..... declara expresamente que o acordo relacionado no parágrafo anterior e as facultades que do mesmo se derivan non foron suspendidas, limitadas nin revogadas.

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto



## MANIFESTAN

1.- Que de conformidade co disposto no art. 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as Deputacións teñen a competencia para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.

2.- Que, por outra banda, a disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece que os municipios, excepto os de gran poboación, poderán encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino e persoal laboral temporal ás deputacións provinciais.

3.- Que tanto a Deputación da Coruña, como o Concello de ..... consideran que a cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de persoal técnico temporalmente vacantes é unha necesidade básica de todos os concellos, e que a formación dunha lista provincial, xestionada desde o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, pode ser útil para estes efectos.

4.- Que esta encomenda da xestión da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día .....

5.- Que a aceptación desta encomenda da xestión foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial o día .....

6.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de ....., as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme as seguintes.

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto a fixación das bases da encomenda voluntaria da xestión material da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do Concello de ..... ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación Provincial.

### Segunda.- Compromisos

Para estes efectos, a Deputación, a través do seu Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, comprométese a poñer ao dispor do Concello a lista de agarda elaborada por este Servizo a partir do correspondente proceso de selección.

Pola súa banda, o Concello comprométese a que o posto ofertado sexa a xornada completa ou cando menos de tres (3) días á semana, agás que mediante acordo de dous concellos limítrofes ou dentro da mesma comarca garantan conxuntamente a cobertura da xornada completa. Ademais, para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal desta listaxe, a duración estimada da baixa será de cando menos



un (1) mes. O Concello asumirá como persoal propio á persoa resultante da listaxe elaborada por esta Deputación por orde de prelación.

A sinatura deste convenio non impedirá que o Concello, se o estimase conveniente, poida desenvolver en calquera momento os seus propios procesos selectivos.

### **Terceira.- Procedemento**

O procedemento de solicitude de asistencia en materia de selección de persoal técnico propio para o Concello será o seguinte:

1. Presentación da solicitude, asinada pola persoa titular da Alcaldía, mediante o procedemento de SUBTEL no modelo que se xunta como Anexo I: procedemento de SUBTEL [0089] Asistencia Técnica a Municipios - (SATM-AD) Solicitudes de asistencia xeral (documental).

Coa solicitude achegárase un escrito asinado pola persoa titular da Secretaría especificando as características do posto e a duración mínima da vinculación, sen prexuízo de calquera outra información complementaria que se considere conveniente.

2. Unha vez recibida a solicitude, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios iniciará o proceso de chamamentos consonte o Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (Boletín Oficial da Provincia número 119, do 30 de xullo de 2020 ou o que en cada momento o substitúa) coas particularidades que aquí se contemplan.
3. As persoas candidatas disporán de dous (2) días hábiles para aceptar ou renunciar. Unha vez aceptado o posto pola persoa integrante da listaxe, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios comunicará tal circunstancia ao Concello no prazo de dous (2) días hábiles.
4. No prazo máximo de dez (10) días hábiles dende a aceptación, o Concello deberá proceder ao nomeamento como persoal funcionario interino da persoa seleccionada, que tomará posesión ante o Concello o día seguinte.
5. O Concello deberá comunicar ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios a toma de posesión, a duración do contrato e calquera alteración do seu estado, incluída a finalización.
6. Durante a vixencia da lista manterase sempre a orde de prelación inicial das persoas aspirantes, tendo en conta as seguintes regras á hora de facer os chamamentos:
  - a aparición dunha vacante sen reserva de praza considerarase unha mellora de emprego e suporá o ofrecemento desta vacante por orde de prelación na lista e por unha soa vez por candidato. Só se poderá optar a esta mellora cando se teñan máis de seis (6) meses de antigüidade no posto desempeñado nese momento.
  - as persoas que ocupen postos que non acaden a xornada completa poderán renunciar ao nomeamento transcorridos os seis meses de traballo efectivo, sen seren penalizadas.



#### **Cuarta.- Vixencia do presente convenio.**

O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e terá vixencia anual, prorrogable automaticamente un máximo de catro anos, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, notificada á outra cun mínimo dun mes de antelación á efectividade da resolución.

#### **Quinta. Natureza e Xurisdición competente.**

O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polo disposto nos artigos 47 e 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; na disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais normas de dereito administrativo que lles resulten aplicables. O Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación será de aplicación en todo o que complementa e non contradiga as cláusulas deste convenio.

A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do mesmo corresponderá á Xurisdición Contencioso-Administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa orde xurisdiccional.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN O REPRESENTANTE DO CONCELLO DE  
PROVINCIAL DA CORUÑA .....

Asdo.: Valentín González Formoso Asdo.: .....  
O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez

### **ANEXO I Solicitud**

Este concello solicita, segundo o previsto no vixente *Regulamento de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios, así como no correspondente convenio de encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación Provincial da Coruña:*

Concello:	
Tipo de asistencia requirida:	Designación de persoal técnico conforme a listaxe elaborado pola Deputación Provincial da Coruña  <input type="checkbox"/> Arquitecto/a <input type="checkbox"/> Arquitecto/a técnico/a





Persoa de contacto:	
Cargo:	
Teléfono fixo (+ext) / Móbil:	
Enderezo electrónico:	

Achégase relación de documentos á parte.

**15.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a agosto de 2025.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de agosto de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de agosto de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

**16.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 4/2025 de aprobación polo Pleno.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/2025 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 25.250.000,00 € que ofrece o seguinte resumo:

### NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

#### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

#### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Créditos extraordinarios (CE):	250.000,00	Baixas por anulación (BA):	3.250.000,00
Suplementos de crédito (SC):	25.000.000,00	Remanente de Tesourería:	22.000.000,00
<b>Total aumentos:</b>	<b>25.250.000,00</b>	<b>Total financiamento:</b>	<b>25.250.000,00</b>

## 1. RESUMO POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

### B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1 Gastos de persoal	0,00	0,00	1 Impostos directos	0,00
2 Gastos correntes	0,00	0,00	2 Impostos indirectos	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Trans. Correntes	25.000.000,00 0	3.000.000,00	4 Transferencias correntes	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Investimentos reais	0,00	250.000,00	6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Trans. de capital	250.000,00	0,00	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	22.000.000,00
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL:</b>	<b>25.250.000,00</b>	<b>3.250.000,00</b>	<b>TOTAL:</b>	<b>22.000.000,00</b>

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo



2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**4.-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**5.-** Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2025 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

**6.-** Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

**17.- Dación de conta da resolución de presidencia número 39885/2025, relativa ao persoal eventual.**

Dáse conta da resolución de presidencia número 39885, do 25 de agosto de 2025, pola que se nomea persoal eventual.

**18.- Dación de conta da resolución de presidencia número 42274/2025, relativa ao persoal eventual.**

Dáse conta da resolución de presidencia número 42274/2025, do 9 de setembro de 2025, pola que se nomea persoal eventual.

**19.- Dación de conta da resolución de presidencia número 43218/2025, relativa ao persoal eventual.**

Dáse conta da resolución de presidencia número 43218/2025, de 18 de setembro de 2025, pola que se cesa a persoal eventual.

**20.- Aprobación da prórroga do convenio co Concello de Ames para o financiamento do proxecto "Creación dun área de autocaravanas en Bertamiráns"**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de

\*\*RPT-6654235



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Estimar a solicitude do Concello de AMES do 23 de xullo de 2025 na que se solicita a prórroga do convenio número 73/2024 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ao proxecto CREACIÓN DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS.

O convenio tiña unha vixencia inicial ata o 31 de outubro de 2025, recollendo nas súas cláusulas que o Concello, en caso de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 31 de xullo de 2025.

En data 22 de xullo de 2025, é dicir, dentro do prazo establecido, a entidade achega ao expediente solicitude de prórroga do convenio informando que:

*O concello manifesta que o proceso de adxudicación do contrato das devanditas obras alongouse no tempo máis do previsto. Por este motivo, cabe a posibilidade de non poder presentar a respectiva xustificación durante a vixencia do Convenio establecida ata o día 31 de outubro do 2025. Tal e como establece a cláusula XIII no punto 2, o Concello de Ames pode solicitar unha prórroga antes do día 30 de xullo do 2025, sen exceder a data do 31 de outubro do ano 2026.*

*Solicitar a concesión dunha prórroga para a xustificación das obras relativas ao Convenio de cooperación interadministrativa entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de “Creación dunha área de autocaravanas en Bertamiráns” ata o 31 de outubro do ano 2026..*

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE AMES con CIF P15002001, para financiar as obras de “CREACIÓN DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS” cun orzamento total de 71.399,30 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 57.119,44 €, cunha porcentaxe de financiamento do 80,0000 %

4º - A nova data de vixencia do convenio quedará fixada no **31 de outubro de 2026**

- A nova data límite de xustificación do convenio quedará fixada no **31 de agosto de 2026”**



**21.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o apoio e promoción da "XLII FESTA DA FILLOA DE LESTEDO"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Turismo, levántase a nota de reparo emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón con CIF P1501200H para o financiamento da “XLII Festa da Filloa de Lestedo” no ano 2025, cunha achega provincial de 30.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 79,81436 % con respecto a un orzamento de 37.587,22 €.

3º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “APOIO E A PROMOCIÓN DA XLII FESTA DA FILLOA DE LESTEDO” no ano 2025.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación do CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas



## MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE BOQUEIXÓN consideran de gran interese para a provincia potenciar o desenvolvemento económico, social e o emprego non só a nivel local, senón tamén provincial.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO BOQUEIXÓN**, CIF P1501200H fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do “APOIO E A PROMOCIÓN DA XLII FESTA DA FILLOA DE LESTEDO” no ano 2025.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE BOQUEIXÓN levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Alugueiro de escenario, son, iluminación e carpas	19.875,76 €
Servizo de limpeza e valos	2.469,80 €
Alugueiro de WC sanitarios	1.573,00 €
Servizo de ambulancia	870,00 €
Alugueiro de mobiliario showcooking	3.872,00 €
Accións de promoción e publicidade	5.516,66 €
Formación carnet manipulador de alimentos	440,00 €
Ponentes/Chefs Showcooking	2.970,00 €



CONCEPTO	IMPORTE
<b>TOTAL</b>	<b>37.587,22 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00€ €, o que representa unha porcentaxe de 79,81436%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,81436% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE BOQUEIXÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE BOQUEIXÓN.



## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día **1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BOQUEIXÓN na documentación achegada.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa





ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE BOQUEIXÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BOQUEIXÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro do ano 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2026** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector



público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do  
CONCELLO DE BOQUEIXÓN

## **22.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o apoio e promoción da "50 EDICIÓN DA FESTA QUEIXO DE ARZUA"**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Turismo, levántase a nota de reparo emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña o CONCELLO DE ARZÚA con CIF P1500600J para o financiamento da 50 EDICIÓN DA FESTA DO QUEIXO DE ARZÚA no ano 2025, cunha achega provincial de 120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 33,33333% con respecto a un orzamento de 360.000,00 €

3º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da



Deputación da Coruña.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ARZÚA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto “50 EDICIÓN DA FESTA DO QUEIXO DE ARZÚA” no ano 2025.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación do CONCELLO DE ARZÚA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### **MANIFESTAN**

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE ARZÚA, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

### **CLÁUSULAS**

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE ARZÚA, P1500600J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “50 EDICIÓN DA FESTA DO QUEIXO DE ARZÚA” no ano 2025.

#### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

O CONCELLO DE ARZÚA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



## 1. GASTOS DIRECTOS

### 1.1. .- Alugueiro de infraestrutura e materiais para realizar a actividade

Concepto	Importe (€)
Alugueiro Carpa principal	18.388,50 €
Alugueiro de Stands	14.980,80 €
Alugueiro escenario, plataformas e maquinaria relacionada	17.968,50 €
Alugueiro casetas para espazo artesanía	13.491,50 €
Instalacións eléctricas	18.089,50 €
Alugueiro inodoros químicos	4.549,60 €
Alugueiro pantalla Led	2.395,80 €
<b>Total infraestrutura e materiais</b>	<b>89.864,20 €</b>

### 1.2.- Compra material non inventariable

Concepto	Importe (€)
Vasos reutilizables	1.185,32 €
Material diverso Adhesivos/libretas/ mandís/ gorros/	5.380,75 €
<b>Total material non inventariable</b>	<b>6.566,07 €</b>

### 1.3.- Contratación externa de servizos

Concepto	Importe (€)
Servizo de son e iluminación	18.148,79 €
Servizo de programación, produción e postprodución	17.230,40 €
Servizo de seguridade	7.651,02 €
Servizo de control de accesos	5.225,51 €
Servizo de certificación montaxe estrutura/carpa/escenario	3.993,00 €
Servizo de ambulancias	1.300,00 €
Servizo de limpeza viaria	1.076,00 €
<b>Total servizos externos</b>	<b>54.624,72 €</b>

### 1.4.- Servizos publicidade e promoción

Concepto	Importe (€)
Servizo de RRPP	17.998,75 €
Servizo de Comunicación	10.200,00 €
Mural 50 aniversario Festa do Queixo	10.450,00 €
Inserción publicidade Radio e TV	7.865,00 €
Aluguer espazo publicitario autobuses urbanos Santiago e Lugo	5.535,45 €
Entrevistas Festa do Queixo	5.204,82 €
Video promocional Festa do queixo 50ª aniversario	4.809,75 €
Deseño gráfico e identidade da Festa do Queixo	2.904,00 €
Inserción publicidade Web	2.486,55 €
Gravación e realización videos Festa	1.452,00 €



<b>Total publicidade e promoción</b>	<b>68.906,32 €</b>
--------------------------------------	--------------------

## 1.5.- Materias de imprenta e difusión

Concepto	Importe (€)
Libro recetario conmemoración 50ª Festa do Queixo	10.129,60 €
Pratos promocionais	10.726,90 €
Deseño e maquetación libro receitas	1.131,35 €
Programa (16 pax.) / Invitacións/ Carteis	4.059,55 €
<b>Total material difusión</b>	<b>26.047,40 €</b>

## 1.6.- Actuacións musicais

Concepto	Importe (€)
Actuación "Xoel López"	36.300,00 €
Actuación "Cariño"	19.360,00 €
Actuación "The Rapants"	18.029,00 €
Actuación "Xisco Feijoo"	10.285,00 €
Actuación "Mondra"	9.680,00 €
Espectáculo "Home Orquesta" (Cé Orquesta Pantasma)	3.085,50 €
Concerto "Os Melidaos"	3.025,00 €
Actuación Rondalla "Moraima"	2.500,00 €
Pasarrúas "Os Bregadiers"	2.057,00 €
Pasarrúas "Brassica Rapa"	2.057,00 €
Asoc. Cultural e musical "O Bringuelo"	2.000,00 €
<b>Total actuacións musicais</b>	<b>108.378,50 €</b>

## 2. GASTOS INDIRECTOS

Concepto	Importe (€)
Nóminas persoal adscrito a organización	5.612,79 €
<b>Total gastos indirectos</b>	<b>5.612,79 €</b>

## GASTO TOTAL

<b>Gasto Directo</b>	<b>354.387,21 €</b>
Total alugueiro infraestrutura e materiais	89.864,20 €
Total material non inventariable	6.566,07 €
Total servizos externos	54.624,72 €
Total publicidade e promoción	68.906,32 €
Total materiais difusión	26.047,40 €
Total actuacións	108.378,50 €
<b>Gasto Indirecto</b>	<b>5.612,79 €</b>
<b>Gasto Total</b>	<b>360.000,00 €</b>



### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 € €, o que representa unha porcentaxe de 33,33333%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 33,33333% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE ARZÚA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE ARZÚA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE ARZÚA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE ARZÚA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE ARZÚA.

### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE ARZÚA, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.-**Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE ARZÚA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE ARZÚA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o día **1 de xaneiro de 2025 a 30 de novembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE ARZÚA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE ARZÚA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE ARZÚA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ARZÚA na documentación achegada.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE ARZÚA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE ARZÚA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.





2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE ARZÚA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE ARZÚA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE ARZÚA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ARZÚA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva



finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE ARZÚA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro de 2025 a 30 de novembro de 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2026** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE ARZÚA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE ARZÚA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ARZÚA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do  
CONCELLO DE ARZÚA”

**23.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o apoio e promoción da "XXI FESTA DO PAN DE CARRAL 2025"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Turismo, levántase a nota de reparo emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral con CIF P1502100I para o financiamento da XXI FESTA DO PAN DE CARRAL no ano 2025, cunha achega provincial de 39.999,20 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % con respecto a un orzamento de 49.999,00 €.

3º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto “XXI FESTA DO PAN DE CARRAL” no ano 2025.**

A Coruña,

**REUNIDOS**



D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación do CONCELLO DE CARRAL

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARRAL consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do pan se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CARRAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

### CLÁUSULAS

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO CARRAL**, CIF P15021001 fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "XXI FESTA DO PAN DE CARRAL" no ano 2025.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CARRAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE engadido)
Animacións musicais	15.540,90 €
Animación	6.921,20 €
Actividades infantís	3.085,50 €
Seguridade	2.410,92 €



CONCEPTO	IMPORTE (IVE engadido)
Ambulancia	1.580,00 €
Limpeza	367,84 €
Alugueiro de equipo e material eléctrico	5.724,69 €
Alugueiro de escenarios e carpas	7.949,70 €
Funxibles	965,24 €
Alugueiro de vallas e sanitarios	965,48 €
Cartelería e outros materiais impresos	862,55 €
Merchandising	1.962,44 €
Publicidade	1.662,54 €
<b>TOTAL</b>	<b>49.999,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 39.999,20 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARRAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CARRAL o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CARRAL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



3. No caso de que o CONCELLO DE CARRAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARRAL.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CARRAL, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARRAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CARRAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

#### **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día **1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CARRAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARRAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación



aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARRAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARRAL na documentación achegada.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.-O CONCELLO DE CARRAL deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE CARRAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CARRAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos,



así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARRAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro do ano 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2026** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CARRAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CARRAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da





Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARRAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do  
CONCELLO DE CARRAL

#### **24.- Aprobación da modificación dos apartados 2, 3.2, 6 e 7 do texto do Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

##### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“1.- Aprobar a modificación do apartados 2 e 3.2 do texto principal do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación provincial da Coruña 2025/2027, para incluír a referencia como unidades xestoras de subvencións aos servizos de Patrimonio e Contratación e de Vías e Obras, consistente en:

**1.1. No Apartado 2. ámbito de aplicación e modalidades de subvención**



### Ámbito de aplicación

Con carácter xeral, o ámbito de aplicación principal do PES/DAC é o establecido nas Bases de execución do orzamento da Deputación do exercicio correspondente, que inclúe un título relativo á aplicación das normas xerais ás que deberán axustarse as subvencións e transferencias que outorgue a deputación.

O ámbito de aplicación do PES/DAC abarca todas as modalidades de plans, subvencións, premios e bolsas que se xestionan dende os distintos servizos competentes da Deputación da Coruña, que son:

1. Acción Social, Cultural e Deportes
2. Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
3. Oficialía Maior. Normalización Lingüística
4. Promoción Económica, Turismo e Emprego
5. Xestión de Plans
6. Patrimonio e Contratación
7. Vías e Obras

### 1.2. No Apartado 3.2. obxectivos provinciais

No marco dos factores/eixes e obxectivos estratéxicos definidos, os servizos da Deputación que executan a actividade de fomento para a consecución dos obxectivos tanto xerais coma estratéxicos da acción provincial son:

FACTOR PREFERENTE	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
I	Servizo de Xestión de Plans
	Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística
	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Patrimonio e Contratación
	Servizo de Vías e Obras
S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
E	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Así, os servizos provinciais que, a través da xestión da actividade de fomento, contribúen a acadar, con carácter preferente, os obxectivos estratéxicos establecidos no PES/DAC durante a súa vixencia, son:

OBJECTIVOS ESTRATÉXICOS	FACTOR	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
1º Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal	I	Servizo de Xestión de Plans Servizo de Patrimonio e Contratación Servizo de Vías e Obras



2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
4º	Fomentar o emprego e a integración social	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
6º	Promover o turismo local e provincial	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
8º	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
9º	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos	I	Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
10º	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

2.- Aprobar a modificación dos apartados 6 e 7 do texto principal do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación provincial da Coruña 2025/2027, para acurtar os prazos de avaliación e definir as propostas de modificación e cambio do Plan, consistente en:

### 2.1. No apartado 6, seguimento e avaliación:

TEXTO ACTUAL PES/DAC 2025/2027	MODIFICACIÓN PES/DAC 2025/2027
<p><b>6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b></p> <p>En xeral, o labor de seguimento, control e avaliación do PES/DAC 2025/2027 corresponderalle aos servizos provinciais de Informática e Administración Electrónica e de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, con independencia da actividade de control que lle corresponda á Intervención Xeral e, no seu caso, á Secretaría Xeral.</p> <p>Para realizar o seguimento e avaliación do plan, os servizos ou unidades xestoras provinciais deberán remitirle ao servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte ao da súa aprobación ou actualización, en todo canto proceda, memoria xustificativa coas seguintes especificacións: (...)</p>	<p><b>6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b></p> <p>En xeral, o labor de seguimento, control e avaliación do PES/DAC 2025/2027 corresponderalle aos servizos provinciais de Informática e Administración Electrónica e de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, con independencia da actividade de control que lle corresponda á Intervención Xeral e, no seu caso, á Secretaría Xeral.</p> <p>Para realizar o seguimento e avaliación do plan, os servizos ou unidades xestoras provinciais deberán remitirle ao servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, dentro do primeiro trimestre do exercicio seguinte ao da súa aprobación ou actualización, en todo canto proceda, memoria xustificativa coas seguintes especificacións: (...) Co obxecto de preparar e harmonizar os traballos de seguimento e avaliación constituirase por resolución</p>



<p>A Presidencia da Deputación poderá solicitar a servizos provinciais distintos dos xestores de subvencións, que emitan o seu parecer en relación coa actividade de fomento provincial desenvolvida.</p> <p>Derivado das accións de seguimento realizadas polos diferentes servizos xestores, antes do 30 de xuño de cada ano, o servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, co apoio do servizo de Informática e Administración Electrónica, remitiralle á Presidencia o informe xeral de avaliación do PES/DAC do ano correspondente, que deberá conter o resumo do seguimento e avaliación dos indicadores, así como a indicación das modificacións e actualizacións oportunas.</p> <p>A Presidencia da Deputación, unha vez recibido este informe, elaborará o Informe Xeral de Avaliación do PES/DAC do ano correspondente, que será presentado na Xunta de Goberno Provincial e, posteriormente, remitirase ao Pleno Provincial que se celebre no mes de xullo, para o seu coñecemento. Neste informe deberá facerse referencia expresa ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos e á situación da evolución das principais estatísticas provinciais con eles relacionados.</p> <p>(...)</p>	<p>da Presidencia uha comisión técnica integrada por persoal de todos os servizos que interveñan na xestión da actividade de fomento provincial.</p> <p>Ademais, a Presidencia da Deputación poderá solicitar a servizos provinciais distintos dos xestores de subvencións, que emitan o seu parecer en relación coa actividade de fomento provincial desenvolvida.</p> <p>Derivado das accións de seguimento realizadas polos diferentes servizos xestores, antes do 30 de abril de cada ano, o servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, co apoio do servizo de Informática e Administración Electrónica, remitiralle á Presidencia o informe xeral de avaliación do PES/DAC do ano correspondente, que deberá conter o resumo do seguimento e avaliación dos indicadores, así como a indicación das modificacións e actualizacións oportunas.</p> <p>A Presidencia da Deputación, unha vez recibido este informe, elaborará o Informe Xeral de Avaliación do PES/DAC do ano correspondente, que será remitido ao Pleno Provincial que se celebre no mes de maio para a súa aprobación. Neste informe deberá facerse referencia expresa ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos e á situación da evolución das principais estatísticas provinciais con eles relacionados.</p> <p>(...)</p>
---	--

## 2.2. No apartado 7 do PES/DAC, actualización e prórroga:



TEXTO ACTUAL PES/DAC 2025/2027	MODIFICACIÓN PES/DAC 2025/2027
<p><b>7. ACTUALIZACIÓN E PRÓRROGA</b> <b>7.1. ACTUALIZACIÓN</b></p> <p>O PES/DAC, polo seu carácter programático é de previsión, está supeditado ás circunstancias que concorran durante o seu período de aplicación, polo que se do seguimento da eficiencia das actividades de fomento previstas se puxese de manifesto a ineficacia ou desviación dos obxectivos previstos, este poderá ser obxecto de modificación.</p> <p>En calquera caso, as modificacións deberán axustarse á lei, ás bases de execución orzamentaria da deputación, á realidade social existente en cada momento e fundamentalmente aos orzamentos do correspondente exercicio. E, en ningún caso, estas modificacións poderán prexudicar os dereitos económicos dos beneficiarios de subvencións xa recoñecidas e que tivesen desenvolvido as prestacións comprometidas coa Deputación.</p> <p>As modificacións efectuadas durante o desenvolvemento deste PES/DAC 2025/2027, serán aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación.</p> <p>Do mesmo xeito, o PES/DAC poderá ser obxecto de modificación se do seu estudo se evidenciara a conveniencia de incentivar certas actuacións de fomento, para acadar un maior grao de cumprimento dos obxectivos propostos.</p> <p>Non terá a consideración de modificación do PES/DAC a aprobación de incrementos nas dotacións nas liñas de fomento incluídas no propio plan. No entanto, este documento deberá actualizarse nos apartados numéricos que correspondan.</p> <p>De conformidade co disposto no artigo 14.1 do Regulamento da LXS, "anualmente realizarase a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible".</p>	<p><b>7. ACTUALIZACIÓN E PRÓRROGA</b> <b>7.1. ACTUALIZACIÓN</b></p> <p>O PES/DAC, polo seu carácter programático é de previsión, está supeditado ás circunstancias que concorran durante o seu período de aplicación, polo que se do seguimento da eficiencia das actividades de fomento previstas se puxese de manifesto a ineficacia ou desviación dos obxectivos previstos, este poderá ser obxecto de modificación.</p> <p>En calquera caso, as modificacións deberán axustarse á lei, ás bases de execución orzamentaria da deputación, á realidade social existente en cada momento e fundamentalmente aos orzamentos do correspondente exercicio. E, en ningún caso, estas modificacións poderán prexudicar os dereitos económicos dos beneficiarios de subvencións xa recoñecidas e que tivesen desenvolvido as prestacións comprometidas coa Deputación.</p> <p>Terán a consideración de modificación do PES/DAC 2025/2027 as propostas que supoñan unha inclusión ou supresión de obxectivos estratéxicos ou de liñas de subvención que sexan de concorrencia.</p> <p>As modificacións efectuadas durante o desenvolvemento do PES/DAC 2025/2027 serán aprobadas por acordo do Pleno Provincial.</p> <p>Do mesmo xeito, o PES/DAC poderá ser obxecto de modificación se do seu estudo se evidenciara a conveniencia de incentivar certas actuacións de fomento, para acadar un maior grao de cumprimento dos obxectivos propostos</p> <p>Non terán a consideración de modificación do PES/DAC 2025/2027 os cambios non substanciais que se realicen nas fichas informativas da actividade de fomento provincial, no plan de actuación provincial e ás que afecten ás subvencións de concesión directa.</p> <p>Tanto os cambios non substanciais como as modificacións aprobadas deberán reflectirse na correspondente actualización anual do PES/DAC, e deberá avaliarse a necesidade de incorporalas ao mesmo se está prevista a súa continuidade en exercicios posteriores.</p> <p>De conformidade co disposto no artigo 14.1 do Regulamento da LXS, "anualmente realizarase a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible".</p>



**ANEXO**  
**REDACCIÓN CONSOLIDADA DOS APARTADOS 2, 3.2, 6 E 7 DO PLAN**  
**ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2025/2027**

**APARTADO 2** **Ámbito de aplicación e modalidades de subvención**

**Ámbito de aplicación**

Con carácter xeral, o **ámbito de aplicación** principal do PES/DAC é o establecido nas Bases de execución do orzamento da Deputación do exercicio correspondente, que inclúe un título relativo á aplicación das normas xerais ás que deberán axustarse as subvencións e transferencias que outorgue a deputación.

O ámbito de aplicación do PES/DAC abarca todas as modalidades de plans, subvencións, premios e bolsas que se xestionan dende os distintos servizos competentes da Deputación da Coruña, que son:

1. Acción Social, Cultural e Deportes
2. Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
3. Oficialía Maior. Normalización Lingüística
4. Promoción Económica, Turismo e Emprego
5. Xestión de Plans
6. Patrimonio e Contratación
7. Vías e Obras

**APARTADO 3.2. Obxectivos provinciais**

Os **obxectivos estratéxicos** do PES/DAC describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción de fomento da Deputación durante o período de vixencia do Plan e están vinculados aos correspondentes programas orzamentarios aprobados polo Pleno da entidade provincial.

Estes obxectivos estratéxicos están vinculados aos 3 eixes/factores sobre os que pivota a actividade de fomento da Deputación:

FACTOR I - Impulso institucional - capacidade institucional

FACTOR S - Impulso social - capacidade social

FACTOR E - Impulso económico - capacidade económica

Estes factores/eixes están encamiñados ao cumprimento por parte da Deputación, da súa misión de apoiar os concellos e demais entidades locais da provincia e a procurar o incremento do seu capital social, apoiando actividades de entidades públicas e privadas da provincia.

En base ao anterior, os obxectivos estratéxicos do PES/DAC son os seguintes:

NÚMERO	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	FACTO R
1º	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal	I



2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero	S
3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	SE
4º	Apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito provincial	SE
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	S
6º	Promover o turismo local e provincial	SE
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	S
8º	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	S
9º	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos	I
10º	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	S

No marco dos factores/eixes e obxectivos estratéxicos definidos, os servizos da Deputación que executan a actividade de fomento para a consecución dos obxectivos tanto xerais como estratéxicos da acción provincial son:

FACTOR PREFERENTE	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
I	Servizo de Xestión de Plans
	Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística
	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Patrimonio e Contratación
	Servizo de Vías e Obras
S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
E	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Así, os servizos provinciais que, a través da xestión da actividade de fomento, contribúen a acadar, con carácter preferente, os obxectivos estratéxicos establecidos no PES/DAC durante a súa vixencia, son:



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		FACTO R	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
1º	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal	I	Servizo de Xestión de Plans Servizo de Patrimonio e Contratación Servizo de Vías e Obras
2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
4º	Fomentar o emprego e a integración social	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
6º	Promover o turismo local e provincial	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deporte
8º	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
9º	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos	I	Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
10º	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

## APARTADO 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

En xeral, o labor de seguimento, control e avaliación do PES/DAC 2025/2027 corresponderalle aos servizos provinciais de Informática e Administración Electrónica e de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, con independencia da actividade de control que lle corresponda á Intervención Xeral e, no seu caso, á Secretaría Xeral.

Para realizar o seguimento e avaliación do plan, os servizos ou unidades xestoras provinciais deberán remitirle ao servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, dentro do **primeiro trimestre** do exercicio seguinte ao da súa aprobación ou





actualización, en todo canto proceda, memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

1. Por cada unha das actuacións de fomento convocadas, os seguintes indicadores de seguimento:
  - Nº de solicitudes recibidas
  - Nº de subvencións concedidas
  - Nº de subvencións xustificadas
  - Nº de renuncias recibidas
  - Nº de subvencións reintegradas ou en procedemento de reintegro
  
2. Conclusións ou valoración global das actuacións de fomento convocadas no seu ámbito de intervención:
  - Nº total de actuacións de fomento convocadas
  - Custos totais efectivos en relación aos previsibles
  - Nº de subvencións en concorrencia competitiva
  - Importe das subvencións concedidas en concorrencia competitiva
  - Nº de subvencións de asignación directa
  - Importe das subvencións concedidas por asignación directa
  - Obxectivos estratéxicos do Plan de actuación a cuxa consecución contribúe
  - Cumprimento da igualdade efectiva de mulleres e homes
  
3. Impacto e efectos das liñas de actuación convocadas:
  - Contribución para os efectos esperados para cada obxectivo estratéxico do Plan de actuación
  - Medición dos indicadores específicos establecidos para cada obxectivo estratéxico en función dos efectos esperados
  
4. No que respecta ao seu ámbito de actuación, suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións (propostas de mellora, modificación, substitución ou supresión dalgunha actividade de fomento).

Os obxectivos do seguimento e avaliación do PES/DAC céntranse polo tanto en:

- Modificar, actualizar ou suprimir as actuacións de fomento que puideran ter perdido a súa vixencia ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos pretendidos.
- Actualizar os importes das que se manteñan en base aos orzamentos anuais aprobados.
- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias debido á detección de novas necesidades que, en todo caso, estean orientadas á consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Co obxecto de preparar e harmonizar os traballos de seguimento e avaliación constituirase por resolución da Presidencia unha **comisión técnica** integrada por persoal de todos os servizos que interveñan na xestión da actividade de fomento provincial.

A Presidencia da Deputación poderá solicitar a servizos provinciais distintos dos xestores



de subvencións, que emitan o seu parecer en relación coa actividade de fomento provincial desenvolvida.

Derivado das accións de seguimento realizadas polos diferentes servizos xestores, **antes do 30 de abril** de cada ano, o servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, co apoio do servizo de Informática e Administración Electrónica, remitiralle á Presidencia o informe xeral de avaliación do PES/DAC do ano correspondente, que deberá conter o resumo do seguimento e avaliación dos indicadores, así como a indicación das modificacións e actualizacións oportunas.

A Presidencia da Deputación, unha vez recibido este informe, elaborará o Informe Xeral de Avaliación do PES/DAC do ano correspondente, **que será remitido ao Pleno Provincial que se celebre no mes de maio para a súa aprobación.** Neste informe deberá facerse referencia expresa ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos e á situación da evolución das principais estatísticas provinciais con eles relacionados..

Os resultados dos controis financeiros efectuados tamén se terán en conta para valorar a execución global do PES/DAC.

Segundo o xa indicado, de conformidade co disposto na disposición adicional 17ª da LXS, o control e avaliación de resultados derivados da aplicación do PES/DAC será realizado pola Intervención Xeral e Xestión Económico-Financeira da Deputación da Coruña.

Coa finalidade de manter unha información permanente da actividade de fomento da Deputación, toda concesión de subvención que realice a entidade provincial deberá ter a súa correspondente anotación no programa provincial de xestión "Subtel", no que se reflectirán, en todo caso, os datos identificativos do beneficiario e da axuda concedida (importe e finalidade).

## **7. ACTUALIZACIÓN E PRÓRROGA**

### **7.1. ACTUALIZACIÓN**

O PES/DAC, polo seu carácter programático é de previsión, está supeditado ás circunstancias que concorran durante o seu período de aplicación, polo que se do seguimento da eficiencia das actividades de fomento previstas se puxese de manifesto a ineficacia ou desviación dos obxectivos previstos, este poderá ser obxecto de modificación.

En calquera caso, as modificacións deberán axustarse á lei, ás bases de execución orzamentaria da deputación, á realidade social existente en cada momento e fundamentalmente aos orzamentos do correspondente exercicio. E, en ningún caso, estas modificacións poderán prexudicar os dereitos económicos dos beneficiarios de subvencións xa recoñecidas e que tivesen desenvolvido as prestacións comprometidas coa Deputación.

**Terán a consideración de modificación do PES/DAC 2025/2027 as propostas que supoñan unha inclusión ou supresión de obxectivos estratéxicos ou de liñas de subvención que sexan de concorrencia.**

As modificacións efectuadas durante o desenvolvemento deste PES/DAC 2025/2027,



serán aprobadas por acordo **do Pleno Provincial.**

Do mesmo xeito, o PES/DAC poderá ser obxecto de modificación se do seu estudo se evidenciara a conveniencia de incentivar certas actuacións de fomento, para acadar un maior grao de cumprimento dos obxectivos propostos.

**Non terán a consideración de modificación do PES/DAC 2025/2027 os cambios non substanciais que se realicen nas fichas informativas da actividade de fomento provincial, no plan de actuación provincial e ás que afectan ás subvencións de concesión directa.**

**Tanto os cambios non substanciais como as modificacións aprobadas deberán reflectirse na correspondente actualización anual do PES/DAC, e deberá avaliarse a necesidade de incorporalas ao mesmo se está prevista a súa continuidade en exercicios posteriores.**

De conformidade co disposto no artigo 14.1 do Regulamento da LXS, “anualmente realizarase a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible”.

## **7.2. PRÓRROGA**

No caso de que concluído o período de vixencia do PES/DAC 2025/2027 non se aprobara aínda un novo Plan, o presente entenderase automaticamente prorrogado anualmente naquelas liñas de actuación que se vaian a seguir realizando, sempre que para iso conte con consignación orzamentaria axeitada e suficiente.

**25.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) para cofinanciar o proxecto "ADEGA 50 Aniversario".**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e cos votos en contra do PP, acorda:

“1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación para a Defensa



Ecolóxica de Galiza (ADEGA) , para regular a achega de 24.000,00 € para cofinanciar o Proxecto “ADEGA 50 Aniversario”, cun orzamento subvencionado de 30.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 31 de xullo de 2026 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 01 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.

3. Autorizar á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) para que poidan concertar, ata o límite do 40 %, a execución do obxecto da subvención con entidades e/ou persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220250043713 da aplicación orzamentaria 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2025

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) PARA FINANCIAR O PROXECTO “ADEGA 50 ANIVERSARIO”**

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

#### **MANIFESTAN**

A Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente é consciente da preocupación ascendente na sociedade dos problemas ambientais e a percepción dos efectos do cambio climático.

ADEGA é unha asociación sen ánimo de lucro de defensa ambiental máis activa e con



maior implantación na provincia e en Galicia e que no ano 2025 cumpre 50 anos de historia, sendo o colectivo ecoloxista galego con maior traxectoria e pegada social, cultural e ambiental na provincia da Coruña.

ADEGA foi unha entidade pioneira e fundamental na defensa do medio ambiente galego mediante medio século. A súa labor contribuiu significativamente á concienciación cidadá, á protección de espazos naturais e á promoción da sostenibilidade.

A Deputación da Coruña, recoñece a importancia do labor que realiza a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) na defensa do medio ambiente galego, contribuíndo a incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e aportar solucións aos problemas asociados ao medio ambiente. Cofinanciar este proxecto, non soamente é un recoñecemento á súa dedicación senón tamén un investimento na continuidade de valores medioambientais cruciais para o futuro de Galicia.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) consideran de gran interese para a provincia reafirmar o papel crucial da organización na defensa ambiental e desenvolvemento sostible da provincia e Galicia así como impulsar unha maior conciencia ambiental, implicar á comunidade galega na recuperación, defensa e conservación da natureza e reforzar a imaxe pública como axentes de cambio e promotores de valores esenciais para o desenvolvemento sostible.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “ADEGA 50 Aniversario” que a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) desenvolve, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (en adiante, ADEGA) (NIF: G15044811) para financiar o proxecto “ADEGA 50 Aniversario”, no que se integran as seguintes actividades:

- Exposicións itinerantes en 5 localidades da provincia sobre a historia do ecoloxismo en Galicia e os desafíos actuais.
- Publicacións conmemorativas que recompilen a súa traxectoria e dar a coñecer a actualidade ambiental de Galicia:
  - Libro conmemorativo
  - Documental audiovisual

### II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ADEGA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO	TOTAL
Soldos e Salarios	3.050,90 €
Seguridade social a cargo da entidade	983,00 €



Contratacións externas / Servizos profesionais independentes: Realización documental; Maquetación e impresión exposición itinerante exterior; Transporte e montaxe exposición; Deseño e maquetación libro conmemorativo..	25.966,10 €
<b>TOTAL PROXECTO</b>	<b>30.000,00 €</b>

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **24.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. A Deputación Provincial da Coruña encargárase da impresión dunha tirada de exemplares correspondente ao Libro Conmemorativo 50 anos no seu propio centro de impresión, a Imprenta Provincial, seguindo as normas internas da deputación.

3. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ADEGA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Poderase contratar as actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria cumprindo os seguintes requisitos:

a. Presentación no momento da solicitude de autorización de execución parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade. No caso de non estar prevista a operación vinculada no momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da prestación coa persoa vinculada.

b. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.

c. Que o importe subvencionable non exceda do coste incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do coste se realizará na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.

d. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o



límite máximo do 40 por cento do orzamento subvencionado que se ha de xustificar, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, e-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

A realización da actividade por persoas traballadoras contratadas polos propios beneficiarios/as non se considerará operación vinculada, sempre que os salarios devindicados se atean aos convenios colectivos en vigor.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

## **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. A entidade beneficiaria poderá solicitar a realización dun primeiro pagamento por importe equivalente ao 50% da subvención concedida, con carácter de anticipo prepagable, de acordo co previsto no art. 24.3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP número 185, do 25 de setembro de 2024) e co disposto na Base 54.7 das de execución do orzamento para o ano 2025, que deberán atermos ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.



2. Rematadas completamente a realización das actividades procederase ao aboamento do 50 por cento restante, no caso de solicitar o anticipo, ou do 100 % no caso de non solicitar o anticipo, unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

Este pago permitirá completar o pago da totalidade da achega provincial de tal forma que se na xustificación final resulta acreditado unha cantidade inferior do importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada, en relación co previsto na cláusula terceira do presente convenio.

Polo tanto, no caso de xustificar xunto coa xustificación unha cantidade inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, iniciarase o oportuno expediente de reintegro da totalidade da achega.

ADEGA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de conformidade coa cláusula oitava.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas





na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ADEGA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ADEGA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ADEGA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ADEGA na documentación presentada.

#### **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. ADEGA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. ADEGA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ADEGA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro,



xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ADEGA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ADEGA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2026 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2025.

2. Para o caso de que ADEGA non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo de



2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Por ADEGA

**Asdo:**

**Asdo:**

O Secretario Xeral da  
Deputación Provincial A Coruña

**Asdo.”**

**26.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para financiar o proxecto "Informe completo A Economía Galega. Informe 2024".**



## VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), para regular a achega de 35.000,00 € para cofinanciar o proxecto de “Informe completo A Economía Galega. Informe 2024”, cun orzamento subvencionado de 50.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 70 % extendendo a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2026 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2025 e o 31 de decembro de 2025.

3 .Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220250046393, da aplicación orzamentaria 0520/24100/45390 do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2025

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA FINANCIAR O PROXECTO “INFORME COMPLETO A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2024 ”**

Na Coruña, a      de      de      na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante



## REUNIDOS

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Universidade de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) ven elaborando un informe anual sobre a economía galega, que describe o contexto macroeconómico nacional e internacional no que se desenvolveu a actividade económica e que aborda o mercado de traballo, os sectores produtivos da economía galega, o sector exterior e o sector público.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social considera de gran interese para a provincia impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e contribúan a frear o despoboamento.

Que o financiamento do informe xustifícase polo seu significativo interese público e social. Isto evidénciase en varios aspectos clave:

- A publicación de “A Economía Galega” é un referente dos informes sobre o ámbito económico en Galicia, é unha ferramenta esencial para persoal investigador, responsables das Administracións Públicas, empresas e toda persoa interesada en comprender a dinámica económica da comunidade autónoma galega.
- O seu contido abarca sectores fundamentais que impactan directamente na economía dos concellos da provincia.
- Con 40 anos de publicación anual ininterrompida, o informe demostra ser unha fonte de información consistente e valiosa para a comprensión e o desenvolvemento socioeconómico da provincia.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de gran interese continuar coa elaboración dun informe anual, que se ven desenvolvendo dende 1985, no que se realiza un amplo e minucioso estudo sobre a situación actual, a dinámica recente e os problemas socioeconómicos da nosa comunidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a



Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar a realización do "INFORME COMPLETO A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2024 "

## II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	ORZAMENTO
Pagos a autores	27.000,00 €
Revisión lingüística	1.800,00 €
Maquetación informe	4.000,00 €
Mantemento web informe	1.500,00 €
Xornada de discusión e difusión de resultados	4.803,45 €
Coordinación e Dirección	4.000,00 €
Custe indirecto *	6.896,55 €
	<b>50.000,00 €</b>

\*No momento da xustificación: os gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **70%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.



#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

- c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.
- d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
- e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación presentada.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao





pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago de Compostela deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e



demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de setembro de 2026 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2025

2. Para o caso de que a Universidade de Santiago de Compostela non poida realizar as actividades ou presentar a xustificación antes do 30 de setembro de 2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña  
de Compostela

Pola Universidade de Santiago

**Asdo:**

**Asdo:**

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo.**

”

**27.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación Baroña para financiar a obra e subministración de equipamento para o proxecto de "Obra e subministración de equipamento para a creación do Centro de Transformación Colaborativo Alimentario Baroña", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2025.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e a súa memoria de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Baroña para o financiamento do proxecto de “Obra e subministración de equipamento para a creación do centro de transformación colaborativo alimentario Baroña” no marco do Plan de Emprego Local”, cun orzamento subvencionado de 160.000,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 79,09878%.



3. Imputar o gasto ao documento RC con núm. de operación 220250048008.1, da aplicación orzamentaria 0520/24100/781, do vixente Orzamento Xeral.

4. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025, e tendo en conta que este gasto excederá de esta anualidade.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN BAROÑA PARA FINANCIAR A OBRA E SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O PROXECTO DE “OBRA E SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A CREACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN COLABORATIVO ALIMENTARIO BAROÑA”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2025**

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez , Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

**REUNIDOS**

D. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D. ...., en representación da Asociación Baroña

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

**MANIFESTAN**

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Baroña consideran de grande interese para a provincia dinamizar o sector agrogandeiro e apoiar aos pequenos produtores na transformación e comercialización conxunta dos seus produtos, con totais garantías sanitarias e de calidade.

Que ambas as dúas entidades apostan por iniciativas de promoción económica no territorio provincial, vinculadas á creación de novos postos de traballo e á busca de novas oportunidades de negocio no ámbito rural da provincia, impulsando un desenvolvemento territorial sostible e responsable.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Baroña, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Baroña, CIF G75723122, para o financiamento da obra e a subministración de equipamento do proxecto de “Obra e subministración de

\*\*RPT-6654235



equipamento para a creación do Centro de Transformación Colaborativo Alimentario Baroña”, tal como aparece definida a mesma no proxecto técnico de execución redactado por Dona María Pilar García Alboreda, colexiada N.º 2188.

A Asociación Baroña, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

## II.- ORZAMENTO

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia da cláusula anterior, desglósase co seguinte detalle:

Obra:

P.E.M: 60.000,00€  
 GASTOS XERAIS (13%) 7.800,00€  
 BENEFICIO INDUSTRIAL (6%) 3.600,00€  
 IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%) 14.994,00€  
 ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA 86.394,00€

Equipamento:

EQUIPAMENTO COMÚN OBRADOR 1 E OBRADOS 2 29.979,00 €  
 EQUIPAMENTO OBRADOR 1: ELABORACIÓNS CÁRNICAS 47.104,00 €  
 EQUIPAMENTO OBRADOR 2: PRODUCTOS TRANSFORMADOS 9.625,00 €  
 SISTEMA DE CONTROL DE ACCESO 7.464,49 €  
 ELEMENTOS PUBLICITARIOS DA REDE 1.600,00 €  
 IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21% ) 20.112,22 €  
 ORZAMWNTO EQUIPAMENTO 115.884,71€

Polo tanto, o orzamento total para a actuación obxecto do convenio ascende a **202.278,71€**.

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e das subministracións, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **160.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de 79,09878 %

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,09878 % 79,10%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e da subministración e instalación do equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados



pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Baroña o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a Asociación Baroña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantido, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

4. Na condición de adquirente, corresponderalle á Asociación Baroña o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

5. No procedemento de contratación da subministración do equipamento, a Asociación Baroña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Baroña estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do equipamento, farase



constar o importe do financiamento provincial.

4. Adquirido o equipamento, a Asociación Baroña deberá rotular o equipamento en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Baroña nun único pago, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (documentos orixinais ou no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscripta polo/a Técnico/a director/a polo contratista.
- Certificacións de obra, acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.
- Factura expedida polo contratista. No cso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación de aprobación da mesma polo órgano competente.
- Certificación do acordo de adjudicación definitiva do contrato de subministración, na que se fagan constar alomenos os seguintes datos: persoa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación dos bens ao inventario de bens da Asociación Baroña, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS, ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras e a adquisición dos bens que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras e realizada a adquisición dos bens, a Asociación Baroña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do



vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Baroña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Baroña na documentación achegada.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Asociación Baroña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Asociación Baroña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación Baroña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.





2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Baroña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Baroña serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Baroña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

#### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31 de xullo de 2026**.



2. Previa solicitude da Asociación Baroña, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación Baroña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Asociación Baroña

Asdo:

Asdo: \_\_\_\_\_ ”

**28.- Aprobación técnica do proxecto da obra DP 4802 Perbes a Campolongo; Mellora da seguridade viaria. Senda desde o punto quilométrico 4+771 ao 5+482 (Pontedeume), incluída no Plan de Sendas Peonis 2025**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar tecnicamente o Proxecto DP 4802 Perbes a Campolongo; Mellora da seguridade viaria. Senda desde o punto quilométrico 4+771 ao 5+482 (Pontedeume) Plan de Sendas Peonís 2025 cun orzamento total de 333.261,50 € con cargo á aplicación 0410/4535/60900 , que se detalla:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO	CLASIFICACIÓN
Pontedeume	2025.1170.0001.0	DP 4802 Perbes a Campolongo; Mellora da seguridade viaria Senda dende o punto quilométrico 4+771 ao 5+482 (Pontedeume)	5 meses	333.261,50 €	Non se esixe

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra DP 4802 Perbes a Campolongo; Mellora da seguridade viaria. Senda desde o punto quilométrico 4+771 ao 5+482 (Pontedeume)

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.”

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Hai unha primeira moción do Grupo Provincial Popular para esixir responsabilidades sobre os fallos do sistema Cometa.

#### **1. Moción do Grupo Provincial Popular para esixir responsabilidades sobre os fallos do sistema COMETA**

A violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións violencia de xénero, violencia sexual, prostitución e trata con fins de explotación sexual constitúe a expresión máis inaceptable de desigualdade nunha sociedade democrática como a nosa. A protección das vítimas e a defensa da súa dignidade debe ser unha prioridade innegociable de todas as institucións.

O sistema de dispositivos telemáticos de control coñecido como COMETA é unha das principais ferramentas para garantir a seguridade das mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual, ao permitir a vixilancia efectiva do cumprimento das medidas xudiciais de afastamento. Con todo, tras o cambio do prestador do servizo en 2023,



detectáronse fallos graves na migración de datos e no funcionamento dos dispositivos, o que supuxo a perda de información histórica, problemas de localización e cobertura, e mesmo casos nos que os agresores puideron quitarse as pulseiras sen dificultade.

Tal e como denunciaron fiscalías especializadas, sindicatos policiais, xuíces de violencia sobre a muller e avogados e avogadas especializados/as en violencia de xénero, estas incidencias provocaron sobreesementos provisionais, absolucións de agresores e unha grave desprotección das vítimas. O propio Observatorio de Violencia do CGPJ advertiu no seu día do risco de adjudicar o contrato a empresas sen experiencia suficiente neste ámbito. Ademais, a xestión política desta crise por parte do Ministerio de Igualdade foi claramente insuficiente. Tentáronse minimizar os problemas falando de incidencias "puntuais", cando en realidade prolongáronse durante meses e puxeron en risco a miles de mulleres.

A esta situación súmase un contexto de absoluta falta de exemplaridade por parte do Goberno de Pedro Sánchez, cuxo Executivo se viu salpicado por escándalos sexuais e condutas impropias que provocaron a indignación social e o descrédito institucional. Mentres se minimizaban os fallos do sistema COMETA, que poñían en risco a vida de miles de mulleres, dirixentes socialistas víanse involucrados en episodios bochornosos que ocuparon titulares e que mostran a dobre moral dun Goberno que se presenta como adañ do feminismo mentres tolera ou silencia condutas machistas e abusivas na súa propia contorna

A credibilidade do Executivo en materia de igualdade e protección das mulleres está gravemente comprometida. Non se pode esixir confianza nun Goberno que abandona ás vítimas con dispositivos que fallan, á vez que se ve manchado por escándalos de natureza sexual que agravan aínda máis a sensación de desprotección e impunidade.

A gravidade dos feitos esixe explicacións públicas, depuración de responsabilidades e, sobre todo, garantías de que o sistema COMETA funcione cos máis altos estándares de seguridade e eficacia.

Por todo o anterior, o Grupo Popular da Deputación da Coruña, propón elevar ao Pleno, para o seu debate e votación, a seguinte Moción:

1. Reprobar á ministra de Igualdade e esixir o seu cesamento inmediato, como máxima responsable política da xestión negligente do sistema COMETA e da desprotección de miles de mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual.

2. Esixir ao Goberno de España a contratación inmediata dunha auditoría externa, independente e transparente sobre o contrato, funcionamento e fiabilidade do sistema COMETA, incluíndo tanto a fase de adjudicación como a de implantación e o período actual de servizo.

3. Instar o Ministerio de Igualdade e ao Ministerio do Interior para publicar de maneira inmediata e detallada todos os datos relativos aos fallos do sistema que tivesen incidencia directa na provincia da Coruña incluíndo:

- Número de vítimas afectadas da provincia da Coruña
- .Número de procedementos xudiciais alterados ou sobreesidos na provincia da Coruña.
- Tipoloxía de fallos detectados (localización, cobertura, manipulación de dispositivos etc.) etc.).



- Duración real das incidencias e protocolos de resposta activados.

4. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Igualdade, ao Ministerio do Interior, ao Ministerio de Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, á Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero e á Federación Española de Municipios e Provincias, para que se coñeza a postura firme desta Deputación, en defensa das vítimas.

### Sra. García Gorostizu

Gracias. La violencia contra las mujeres en todas sus manifestaciones, tanto violencia de género como violencia sexual, prostitución y trata con fines de explotación sexual, constituye la expresión más inaceptable de desigualdad en una sociedad democrática como la nuestra. La protección de las víctimas y la defensa de su dignidad debe ser una prioridad innegociable de todas las instituciones.

El sistema de dispositivos telemáticos de control, conocido como Cometa, es una de las principales herramientas para garantizar la seguridad de las mujeres víctimas de violencia de género y violencia sexual, al permitir la vigilancia efectiva del cumplimiento de las medidas judiciales de alejamiento. Sin embargo, tras el cambio del prestador del servicio en 2023, se han detectado fallos graves en la migración de datos y en el funcionamiento de los dispositivos, lo que ha supuesto la pérdida de información histórica, problemas de localización y cobertura e incluso casos en los que los agresores pudieron quitarse las pulseras sin dificultad. Tal y como han denunciado fiscalías especializadas, sindicatos policiales, jueces de violencia sobre la mujer y abogados y abogadas especializados en violencia de género, estas incidencias han provocado sobreseimientos provisionales, absoluciones de agresores y una grave desprotección de las víctimas.

El propio Observatorio de Violencia advirtió en su día del riesgo de adjudicar el contrato a empresas sin experiencia suficiente en este ámbito. Además, la gestión política de esta crisis por parte del Ministerio de Igualdad ha sido claramente insuficiente. Se han intentado minimizar los problemas, hablando de incidencias puntuales, cuando en realidad se han prolongado durante meses y han puesto en riesgo a miles de mujeres.

A esta situación se suma un contexto de absoluta falta de ejemplaridad por parte del Gobierno de Pedro Sánchez, cuyo Ejecutivo se ha visto salpicado por escándalos sexuales y conductas impropias que han provocado la indignación social y el descrédito institucional. Mientras se minimizaban los fallos del sistema Cometa, que ponían en riesgo la vida de miles de mujeres, dirigentes socialistas se veían envueltos en episodios bochornosos que han ocupado titulares y que muestran la doble moral de un Gobierno que se presenta como adalid del feminismo, mientras tolera o silencia conductas machistas y abusivas en su propio entorno.

La credibilidad del Ejecutivo en materia de igualdad y protección de las mujeres está gravemente comprometida. No se puede exigir confianza en un Gobierno que abandona a las víctimas con dispositivos que fallan, al tiempo que se ve manchado por escándalos de naturaleza sexual que agravan aún más la sensación de desprotección e impunidad. La gravedad de los hechos exige explicaciones públicas, depuración de responsabilidades y, sobre todo, garantías de que el sistema Cometa funcione con los más altos estándares de seguridad y eficacia.



Por todo lo anterior, el Grupo Popular de la Diputación propone elevar al Pleno para su debate y votación la siguiente moción:

En primer lugar, reprobar a la ministra de Igualdad y exigir su cese inmediato como máxima responsable política de la gestión negligente del sistema Cometa y de la desprotección de miles de mujeres víctimas de violencia de género y violencia sexual.

Segundo, exigir al Gobierno de España la contratación inmediata de una auditoría externa, independiente y transparente sobre el contrato, funcionamiento y fiabilidad del sistema Cometa, incluyendo tanto la fase de adjudicación como la de implantación y el periodo actual de servicio.

Tercero, instar al Ministerio de Igualdad y al Ministerio del Interior a publicar de manera inmediata y detallada todos los datos relativos a los fallos del sistema que hayan tenido incidencia directa en la provincia de A Coruña, incluyendo número de víctimas afectadas de la provincia, número de procedimientos judiciales alterados o sobreesidos, tipología de fallos detectados, duración real de las incidencias y protocolos de respuesta activados.

Y, cuarto, dar traslado del presente acuerdo al Ministerio de Igualdad; al Ministerio del Interior; al Ministerio de Presidencia, Justicia y Relaciones con las Cortes; a la Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género, y a la Federación Española de Municipios y Provincias, para que se conozca la postura firme de esta Diputación en defensa de las víctimas. Gracias.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente. A verdade é que, desde o BNG alucinamos bastante con esta moción. Parécenos puro oportunismo político, porque, claro, eu aquí podería tirar de retranca e darles a benvinda á preocupación e ao interese polos recursos públicos que se destinan a combater a violencia machista. Non me resisto a contestarlle a unha cuestión que dixo vostede, señora deputada, sobre se no seo ou na contorna dalgunha organización política se acubillan agresores sexuais ou se xustifica ou, dalgunha maneira, se lle dá cobertura á violencia machista. Vostedes, o Partido Popular, atrévense a dicir iso cando tiveron sentados no Consello da Xunta de Galiza un presunto agresor sexual. Non sei como se atreven a dicir ni mencionar absolutamente nada deste asunto.

Pero non lles vou dar a benvinda á preocupación sobre a violencia machista porque non teñen esa preocupación. E a súa actuación política revélao claramente. Primeiro, e o máis básico, porque vostedes poñen en risco todas as mulleres do Estado desde o punto e hora en que se alían cos negacionistas da violencia machista; alíanse politicamente con eles. Polo tanto, non finxan preocuparse polas vítimas de violencia machista. En segundo lugar, porque vostedes teñen a capacidade desde a Xunta de Galiza para gobernar e atender debidamente as vítimas de violencia machista. E non o fan, porque vostedes poden analizar, xunto con distintas administracións, coa xudicatura e co Observatorio Galego de Violencia de Xénero, as necesidades de mellora dos dispositivos telemáticos en Galiza, singularmente pola falta de cobertura e polos problemas derivados da proximidade de vítima e agresor en contextos rurais, e non o fan, porque vostedes afirman, o Partido Popular afirma que coñece estes problemas desde hai oito meses, cando o trasladou ao Goberno do Estado, e non fixo público en Galiza, e non se puxo a traballar e a facer todo o que estaba na súa man para protexer as vítimas. Non o fixeron. E o BNG si leva moito tempo denunciando estes erros, pero despois explicareino.



Miren, vostedes poden aumentar os recursos humanos do Imelga, pero non o fan. Vostedes teñen na súa man aumentar os recursos humanos dos Centros de Información á Muller e non o fan; é máis, néganse unha e outra vez no Parlamento galego a que se aproben iniciativas neste sentido. Vostedes poden avaliar, e deben avaliar, xunto con outras administracións, o aumento da violencia machista rexistrado en Galiza no primeiro semestre de 2025, e non o fan. Miren, tampouco están analizando por que esas vítimas de feminicidios e intentos de feminicidios hai moitas que xa acudiran ao sistema, o VioXén, ou que acudisen aos TIM, ou ás forzas policiais, porque a verdade é bastante insoportábel ver como hai vítimas da violencia machista e vítimas de feminicidios que xa acudiran ao sistema, e que non se está analizando debidamente e con profundidade todo iso. E a Xunta de Galiza ten un papel fundamental nisto, e non o está a facer. E iso estámolo reclamando desde o Bloque Nacionalista Galego en distintas institucións, e vostedes non están a responder a esta necesidade que hai.

Pero, miren, vostedes podían facer todo este traballo desde o Goberno galego sen agardar a que o Estado fixese cousas. Podían facer, coas súas propias competencias e cos seus propios medios. Pero que fai o Partido Popular coas súas competencias e os seus propios medios? Falaba vostede de violencia sexual. O Partido Popular vén de privatizar os centros de 24 horas de atención ás vítimas de violencia sexual. Privatizalos! É que é alucinante que teñan privatizado ese servizo, porque atende cuestións tan delicadas que parece alucinante que o deixen en mans dunha empresa privada.

E, miren, isto con respecto a vostedes como propoñentes da moción, que, por suposto, se propoñen a moción, pois tamén son susceptibles de ser criticados no momento en que vostedes gobernan a Xunta de Galiza. Pero, centrándome no problema concreto das pulseiras Cometa, miren, o BNG, como lle dicía, a través da súa senadora Carne da Silva, leva denunciando este problema xa desde 2024. Arredor do 25 de novembro de 2024 xa puxemos enriba da mesa nas nosas 25 medidas para 2025 a necesidade de mellorar os dispositivos dixitais de protección, singularmente colaborar co Estado para a diagnose e mellora dos dispositivos Cometa. Estamos falando dun problema tan grave e tan gordo que non se pode escorrer o vulto. Estamos falando da vida e da seguridade das mulleres; e que durante meses se rexistrasen erros de xeolocalización dos maltratadores, queixas de mulleres porque as pulseiras pitaban constantemente, e sumindo as mulleres nun proceso de revitimización. Todo isto sabíase, sabíase. O BNG preguntouno e o Ministerio negouno no Senado. Polo tanto, hai unha responsabilidade política tamén. O propio Ministerio, na súa memoria, o Ministerio Fiscal, na súa propia memoria de 2024, dicía que houbo consecuencias nas fases de instrución e axuízamento, provocando que houbera casos sobresidos provisionalmente ou mesmo que houbera fallos absolutorios. E non é que o diga o BNG, estámolle dicindo que o di a Fiscalía na súa memoria de 2024.

E, miren, isto é consecuencia tamén dunha xestión privatizada, porque non ten sentido tampouco para nós que as pulseiras Cometa estean privatizadas. Non ten sentido, porque estamos falando dunha cuestión de tantísima vulnerabilidade e de tantísima delicadeza, que ben vale a pena que se poñan todos os recursos do Estado para que isto estea xestionado de maneira pública. Miren, trátase efectivamente de considerar se isto merece a pena xestionalo publicamente, porque o problema foi en meses de transición, en meses de axustes, de melloras de pregos, pero é que isto non pode estar subsumido a eses procesos. É que de ningunha maneira se pode consentir.

En definitiva, cómpre reformular os sistemas e asumir as responsabilidades



políticas que corresponden. E iso é o que lle pedimos ao Partido Socialista, pero tamén lle pedimos ao Partido Popular que asuma as súas propias responsabilidades en materia de prevención e combate da violencia machista, comezando por mirar con quen se alían. Nada máis pola nosa banda, de momento.

### Sr. Fernández Piñeiro

Moi ben. Bo día a todos e a todas. Eu comezaría pola penúltima ou o penúltimo dos parágrafos da exposición de motivos do Partido Popular, que di: “A credibilidade do Executivo en materia de igualdade e protección das mulleres está gravemente comprometido”. Ben, penso que o que está gravemente comprometido é a credibilidade do Partido Popular e a súa lexitimidade para exixir aos demais dimisións por responder ás súas responsabilidades en distintas cousas. Non quero poñer o caso do que pasou coa dana en Valencia e o señor Mazón, que a día de hoxe, o señor Tellado se afana en protexelo. Estamos a falar de algo que causou a morte de máis de 200 persoas. Polo tanto, aí o Partido Popular non tivo nada que dicir e négase a cesalo ou, polo menos, a ter algún tipo de movemento a ese respecto. Máis alá diso, o que fan é, vímolos aínda a semana pasada, o señor Tellado ir a Valencia darlle uns golpes nas costas, non? E esta mesma semana coñecemos algo que, dende o punto de vista das consecuencias para a saúde ou para a vida das persoas é aínda máis grave que isto do que estamos a falar, que é grave, non lle imos negar ningún tipo de gravidade, que é o que está a acontecer cos cribados do cancro de mama en Andalucía, e non escoitei o Partido Popular nin o presidente da Junta de Andalucía cesar a Conselleira de Sanidade, nin o Partido Popular pedir que dimita. Estamos a falar de que se atrasaron dous anos eses cribados, que hai mulleres que fixeron un primeiro cribado, non se lles contestou e dous anos despois dinlles que ten un cancro, un cancro que, lóxicamente, como non se fixo o segundo cribado, xa está moi avanzado; hai algún caso incluso, como puidemos escoitar onte de mans, ou da boca da presidente da asociación Amama de Andalucía no que, cando lle chegou ese diagnóstico, esa muller xa falecera. Non escoitei a ninguén do Partido Popular dicir que ten que dimitir nin o seu presidente, repito, cesala. Polo tanto, máis alá –e agora entraremos no fondo da cuestión–, non creo que sexa o Partido Popular o máis indicado para dar leccións a ese respecto.

Tampouco é o Partido Popular o máis indicado para falar de feminismo nin defensa dos dereitos das mulleres. O mesmo Partido Popular que acaba de aprobar hai uns días en Madrid ese sistema ou ese servizo de asesoramento á muller para o aborto baseado en cuestións que non teñen nada que ver coa ciencia e que non están respaldadas pola medicina. Hoxe, afortunadamente, parece ser que o señor alcalde de Madrid xa empezou a recuar e xa di que, efectivamente, en contra do que dixeron inicialmente, non hai ningunha proba diso. Non imos falar de todas as leis que aprobaron os distintos gobernos, todos eles socialistas ao longo da historia deste país encamiñadas a garantir maiores dereitos e liberdade a esas mulleres, que foron votadas en contra polo Partido Popular, entre elas a lei do aborto no seu momento. Polo tanto, iso de “consejos vendo que para mí no tengo” quizá neste caso, e como noutros moitos aos que xa estamos acostumbrados neste Pleno, non sexa o Partido Popular o máis indicado para dar leccións.

E, sobre o tema que nos ocupa, tendo en conta que, repito, nós confirmamos e tamén estamos de acordo en que é grave, pero é importante tamén salientar unha cousa. As dúas persoas que me precederon no uso da palabra fan referencia á memoria da Fiscalía para respaldar o seu posicionamento, pero a Fiscalía tamén emitiu unha nota aclaratoria despois. Entendo que a mesma Fiscalía, se se ten en conta o que di para ser





críticos e exixir dimisións e, polo tanto, montar unha argumentación, que eu respecto aínda que nalgúns puntos poida non compartir, pois teremos que tela tamén en conta cando a mesma Fiscalía fai aclaracións sobre esa cuestión. E as aclaracións que fai a Fiscalía na súa nota é que as vítimas estiveron protexidas en todo momento porque os dispositivos funcionaron. Isto dío a Fiscalía, non o digo eu, a mesma Fiscalía que emitiu esa memoria, que foi a través da que se coñeceu esta situación que están a denunciar e, como digo, que foi grave.

“Hubo problemas puntuales debido a la migración de datos que afectaban a procesos penales. No se pudo tener la información requerida por los juzgados en un período concreto, pero insistimos en que el dispositivo funcionaba correctamente. En este tiempo, la coordinación entre las distintas fiscalías fue absoluta, lo que permitió detectar el problema de inmediato y ponerlo en conocimiento de la Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Esas incidencias generaron la lógica preocupación entre los fiscales delegados de violencia de género, y es esa inquietud la que se refleja en la memoria, ya que las incidencias se concentraron en un periodo concreto del año. La mayoría de los casos en los que no se pudieron aportar datos se resolvieron posteriormente, pues los sobreseimientos provisionales se reabrieron una vez recuperados los datos. Hay que destacar que, en todo caso, estos procedimientos judiciales se refieren al delito de quebrantamiento y no al delito de violencia que motivó la instalación del dispositivo. Por otra parte, el informe del técnico de Cometa no es siempre la única prueba inculpatoria. Puede haber otros elementos probatorios. Queremos recordar también que la memoria de la Fiscalía de 2025 recoge datos de 2024 y se redacta con mucha antelación. Y el problema quedó resuelto a finales de 2024 y, de hecho, en 2025 no se ha registrado ninguna incidencia. Finalmente, la Fiscalía reitera su compromiso en la lucha contra la violencia de género y recuerda que su prioridad es siempre la protección de las víctimas”.

Ben, pois isto dío a mesma Fiscalía que destapou esta situación. Polo tanto, gran parte da argumentación que vemos na exposición de motivos da súa moción cae totalmente. Cae totalmente polo peso, como digo, desta nota de prensa; non, dende logo, polo interese do Partido Popular de politizar un tema e presentar como un escándalo todo aquilo que acontece neste país, e sobre todo xa apunta maneiras iso dos casos de, non sei como definía aquí exactamente, “de escándalos de natureza sexual de este Goberno”. Bueno, escándalos, ademais, escándalos en plural, non? Ben, se todos os que estamos aquí faláramos, verdade?

E coído que efectivamente este é un caso grave no que afortunadamente non houbo ningún tipo de dano persoal, no que os danos, dende o punto de vista xurídico, xa foron solucionados, tal e como di a Fiscalía e, polo tanto, o sistema está corrixido dende o punto de vista de que este 2025 xa non se detectou ningún tipo de incidencia. Efectivamente, haberá que –e iso podemos compartilo– analizar e estudar as responsabilidades que se deriven desta situación e por que aqueles que as coñecían non actuaron de forma inmediata, supostamente, porque pode ser que si se fixera. Tamén inclúe, como ben dicía antes a voceira do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta de Galicia, que dixo que xa tiña coñecemento hai oito meses, pero resulta que a moción chega hoxe e o posicionamento da Xunta de Galicia a este respecto nos medios de comunicación e de forma pública chega unha vez que explota o caso, non con anterioridade, o cal tamén é bastante rechamante; coñécese que, polo menos, dende a Xunta de Galicia, que tiña coñecemento desta cuestión, non lle deu a importancia que lle dá agora a touro pasado.



Polo tanto, nós entendemos que iso hai que facelo pero non, loxicamente, concordamos cos puntos da súa moción en canto á potencia daquilo que se exige ou á contundencia daquilo que se exige e moito menos vindo do Partido Popular, que non é o máis indicado nin nos tempos que corren nin nos que correron para poñer exemplos de asunción de responsabilidades. Non vou falar doutros exemplos que xa se citaron aquí porque, en gran medida, incluso, ata me daría vergoña ter que citalos. Pero, en todo caso, nós non compartimos estes acordos e compartimos que isto é unha cuestión que hai que analizar e estudar e depurar esas responsabilidades, pero iso hai que facelo coa información debida. Vostedes xa estaban pedindo dimisións antes de coñecer o que tiña acontecido, algo tamén ao que nos teñen bastante acostumados nesa deriva de intentar desgastar un Goberno e que é froito única e exclusivamente da súa incapacidade para entender como funciona o sistema democrático, e é que vostedes están na oposición e o Partido Socialista está gobernando este país, por moito que lles pese. Nada máis e moitas grazas.

### Sra. García Gorostizu

Miren, el objetivo de traer esta moción es para hablar y debatir sobre las mujeres que confiaron en un sistema que debía protegerlas y que, en lugar de eso, las dejó desprotegidas. El sistema Cometa falló estrepitosamente tras el cambio de la adjudicataria en el 23 y se detectaron fallos graves. La compañera del Bloque, la diputada del Bloque dice que el Bloque ya puso el problema encima de la mesa en el 2024, pero se abstuvieron como grupo en la reprobación de la ministra en el Congreso, eludiendo su responsabilidad en la defensa de las víctimas.

Esta postura es inaceptable, porque la violencia de género no entiende de colores políticos ni de alianzas estratégicas, es una cuestión de principios y de derechos humanos. Después, el señor Bernardo empezó su intervención desviando el tema con la sanidad, con la dana. Miren, en este momento hablamos de igualdad y entiendo el papelón que tiene que jugar usted defendiendo la postura de su partido con todos estos temas, porque el PP presenta esta moción para exigir responsabilidades a quien las tiene, que en este caso de las pulseras es la ministra de Igualdad.

Después, también hablan de que tampoco hubo ninguna víctima mortal, como queriendo minimizar el tema. ¿De verdad que ese es el listón del PSOE? Cada fallo dejó a las mujeres solas y cada absolución de un agresor fue un riesgo añadido, y no podemos esperar una tragedia para actuar.

La postura que ustedes toman a nosotros nos parece una postura bastante hipócrita, porque entiendo que con esta imagen que está dando su partido la defensa de las mujeres está un poco en entredicho. Pero entre tantos argumentos con los que intentan justificar, eché en falta que en ningún momento se hablase o disculpasen por las acciones de Santos Cerdán, de Ábalos, de Koldo o de Tito Berni. Desde el Partido Popular denunciarnos la falsedad de este discurso feminista suyo, la que encarna su Gobierno y sus socios de Gobierno, porque para establecer la confianza de las mujeres que temen por su vida, la confianza pública en un sistema de protección de las mujeres que tienen órdenes de alejamiento o está en riesgo su vida, no podemos callarnos, porque somos igual de responsables si nos callamos. Porque saben perfectamente que este sistema debe funcionar siempre, sin fisuras, porque de él depende la seguridad de las víctimas. Porque aquí no discutimos la calidad de un sistema que funciona desde el 2009. Lo que decimos es que ahora no, que no estuvimos tres meses, que estuvimos ocho meses sin datos, que se han borrado y que su partido lo sabía y se calló, y cuando



se ha hecho público lo minimizó. Y es que lo sangrante de todo esto es que lo saben ustedes desde hace dos años y ahora toman medidas para corregirlo, después de dos años. ¿Por qué no lo hicieron cuando se les comunicó desde todos los estamentos que el sistema fallaba y esperan a que se haga público para actuar?

Miren, señores diputados, desde que la señora Redondo es ministro pudo haber renegado de la ley del solo sí es sí y la defendió, pudo haber sacado adelante una ley de trata y no lo hizo. Cuando dirigentes de su partido pagaban con dinero público a mujeres prostituidas y las colocaban en empresas públicas, se callaron. Y porque han puesto en peligro a las víctimas, en vez de garantizar su seguridad, porque han puesto en marcha un contrato de pulseras que pierde información y los dispositivos no funcionan, porque han ocultado hechos graves durante dos años y cuando salen a la luz los minimizan, porque aumentan las agresiones sexuales y fallan los sistemas de protección. Cuando los escándalos sexuales acechan a su equipo de Gobierno y se acosa en la propia Moncloa a trabajadoras, cuando se coloca a mujeres prostituidas en empresas públicas sin tener que ir a trabajar simplemente para estar al servicio del ministro de turno, y eso se conocía y se tapó, hay motivos suficientes para pedir el cese de la ministra de Igualdad por una gestión dañina que solo genera problemas a las víctimas y que no sabe gestionar. Por eso, el Partido Popular, desde esta Diputación, exigimos una actuación firme y decidida. Lo que exige el PP con esta moción es una auditoría externa e independiente sobre el sistema Cometa, la depuración de responsabilidades y, sobre todo, garantías de que situaciones como esta no se volverán a repetir.

Sra. Veira González

Señora deputada do Grupo Provincial do Partido Popular, efectivamente houbo un fallo nas pulseiras. O BNG denunciouno no seu día. Nós si estamos preocupados pola violencia machista. Vostedes finxen agora mesmo estar preocupados. Repítoallo outra vez, aos feitos me remito, á súa xestión política me remito, e creo que agora mesmo acababa vostede de revelar na súa réplica os únicos motivos que levan o Partido Popular a poñer isto enriba da mesa. E iso é o que nos preocupa. E a nós non nos gusta un debate de “y tú más” neste sentido, porque, aínda que efectivamente non houberse perdas vitais, digamos, si houbo unha situación na que as mulleres se viron desprotexidas. Porque no momento en que a ti che empeza a pitar a pulseira continuamente, ou no momento en que sabes que iso non che está a funcionar, como muller, que tes unha orde de afastamento do teu agresor, non morrerás, pero sentes moito medo. E iso é unha barbaridade para unha persoa, para unha muller que é vítima de violencia machista. Entón, eu creo que con esa empatía, con esa delicadeza, e con, non sei, con esa mínima humanidade, é coa que hai que tratar o tema, sen facer amarelismo político, pero tamén sen escorrer o vulto. E eu creo que as vítimas de violencia machista merecen que as cousas se analicen e que se propoñan melloras de verdade.

E o mesmo digo co sistema Vioxén, que eu quero tamén poñer enriba da mesa, porque en moitas ocasións está fallando. E temos visto como si, nese caso, hai vítimas mortais, que hai mulleres que acoden ao sistema e, aínda así, son asasinadas. Entón, eu creo que este é un debate que é profundo e que creo que merece altura política, e creo que os propoñentes desta moción si son moi hipócritas ao propoñela, aínda que teñan razón nos feitos. Eu creo que a motivación é puramente hipócrita e ten un fin puramente partidista. E ese é o motivo polo que nós imos abstermos nesta moción. Nada máis.



## Sr. Fernández Piñeiro

Dicía vostede que fago un papelón eu defendendo o posicionamento de igualdade no meu partido. Os únicos avances de igualdade que houbo neste país foron sempre da man do meu partido. Polo tanto, síntome moi orgulloso de amparalo. E pregaríalle a vostede que non manipule as miñas palabras cando di que eu dixen que non morrera ningunha muller. Non dixen tal cousa. O que fixen foi contrapoñer o listón que poñen vostedes nun caso no que, afortunadamente, a pesar da súa gravidade, non supuxo ningún tipo de dano físico para ningunha muller fronte a casos onde hai mulleres ás que lles custou a vida ou fronte a casos onde hai duascenas e pico persoas que morreron pola negligencia de compañeiros do seu partido. Non lle oín a vostede dicir nada. Nin a vostede, nin a ninguén do seu partido, nin a quen ten a capacidade de adoptar decisións ou medidas a ese respecto facer nada. Polo tanto, o que intento é poñer de manifesto, como mínimo, a contradición, por non utilizar outro termo, que teñen vostedes cando piden responsabilidades aos demais e iso de ver a palla no ollo alleo e non ver a viga no propio.

Pero, mire, vostedes tan defensores da igualdade e resulta que xa non é que votaran en contra da lei de igualdade cando a aprobou un goberno socialista. É que a recorreron vostedes ante o Constitucional. É verdade que, como pasa no 99% dos casos, o Constitucional non lles deu a razón, e esa lei, afortunadamente, está en vigor a día de hoxe. Se fora polo Partido Popular, non habería lei de igualdade neste país. O mesmo fixeron vostedes coa lei do aborto; tamén votaron en contra e presentaron un recurso de constitucionalidade, unha lei que amparaba as mulleres no seu dereito. Ben, pois unha vez máis o Tribunal Constitucional non lles deu a razón. Falando de igualdade, que non só entre as mulleres, a lei de matrimonio homosexual, vostedes tamén votaron en contra desa lei, convocaron manifestacións na rúa e presentaron un recurso ante o Tribunal Constitucional, que, novamente, perderon. Non son vostedes moi hábiles na interpretación da Constitución, será que ten algo que ver co feito de que non a votaran no seu día. Por certo, unha Constitución que, por primeira vez na historia, daba voz e voto ás mulleres. Se fora polo Partido Popular, Alianza Popular naquel momento, tampouco as mulleres neste país poderían votar. Polo tanto, en materia de igualdade, exemplos desa bancada, permítame que non lle acepte ningún. Ningún. Xa sabemos que vostedes están en contra de todo iso de boquilla, porque despois tamén se divorcian, porque despois tamén abortan e porque despois tamén se casan con homes ou mulleres do mesmo sexo que vostedes. Pero esa é a hipocrisía á que nos teñen acostumados, que algo terá que ver, seguramente, con outras cuestións que non vou citar aquí, pero, dende logo, entre o que din e o que fan hai un longo espazo que deixa a vostedes en evidencia de forma reiterada.

E fala vostede dos casos de acoso sexual, ou sexa, de acoso sexual, hai casos que di vostede relacionados co meu partido. Eu busquei en Google rapidamente. “El concejal del PP de Palma Javier Rodríguez, condenado a dos años de cárcel por haberse gastado 50.000 euros en prostíbulos con la tarjeta del Ayuntamiento”. “Jesús Gallego, director de la Fundación Carlos III –nomeado polo Partido Popular–, se gastó 19.575 euros en once meses en una empresa que se llamaba Interfos y Barajas, que resultó ser un prostíbulo”. “El director de FAFE, Fernando Guillén –nomeado tamén polo Partido Popular, todos eses son organismos públicos–, pagó hasta 32.566 euros con la tarjeta de esta Fundación en varios prostíbulos de Sevilla, Córdoba y Chiclana”.

Imos ver, eu penso que os cidadáns merecen certo respecto pola súa intelixencia. E en todos os partidos políticos, como en todas as formacións políticas, como en todas as



entidades, como en calquera grupo, hai comportamentos seguramente, porque a condición humana é así, e non somos infalibles, que sexan totalmente detestables ou como queiramos chamalo. No meu partido, no seu e en todos. Pero facer dun caso a xeneralidade dunha organización política, que é o que acaba de facer vostede cunha hipocrísia morrocotuda, que quere que lle diga, fai que algúns busquemos en Google rapidamente, e mire todos os casos que me saíron, pero nada, poñendo tres palabriñas. Hai máis, podemos falar do que dicía o señor Correa cando lle encargaba prostitutas á súa secretaria para altos cargos para distintas celebracións, ou incluso na época de Francisco Granados, onde se espiaba a contrincantes políticos e se dicía –está gravado, e consta nas causas, por iso foi condenado tamén– que, se saía ben o tema xudicial, o ían celebrar cun carro cheo de prostitutas. Por iso dixen antes que, se todos faláramos, igual é mellor que vostedes hai determinados temas que non os toquen moito, os toquen de reollo. Ou polo menos, se os queren tocar, que non se poñan como exemplo deles, exixindo nada aos demais.

Repito, todos os avances en materia de igualdade e de dereitos das mulleres neste país viñeron da man do Partido Socialista, e todos os intentos de paralizalos e de retroceder viñeron da man do Partido Popular. Polo tanto, céntrese vostede, se quere, no tema das pulseiras e no seu fallo, que aí, xa lle digo, é verdade que é un caso grave, pero non utilice ese tipo de argumentario, porque vai saír vostede escaldada, como se pode comprobar, porque calquera argumento, calquera dato que me poña sobre a mesa se ve superado polos propios datos e acontecementos e a forma de proceder de xente do seu partido e do seu propio partido. Polo tanto, como exemplo, e como incluso, se quere vostede, consello, se mo quere aceptar, centrémonos no tema en cuestión. O tema en cuestión, efectivamente, é que foi grave, hai un fallo que, afortunadamente, non tivo maiores consecuencias, porque as consecuencias únicas que houbo foron de carácter xudicial e foron todas corrixiadas. Dío a Fiscalía na súa memoria; que haberá que depurar responsabilidades?, non teño ningunha dúbida, pero deixen vostedes que se depuren e despois solicitemos as dimisións. Pero non, vostedes primeiro disparan e despois preguntan. É como aquel chiste en México que di: ¿Cómo te llamas? E di: Juan. Le pega un tiro, e di: te llamabas. Pois a vostedes pásalles un pouco igual. Así que, un pouquiño máis de seriedade e, sobre todo, intenten argumentar non intentando dar leccións aos demais sobre temas nos que vostedes están moi lonxe de calquera do resto de grupos que conformamos esta corporación provincial. A anos luz. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas. Procedemos á votación.

Sra. García Gorostizu

Perdón, ya para rematar. Busque, señor Bernardo, también, ahí en el móvil, el primer plan contra los malos tratos es del 98 y fue aprobado con el ministro Arenas, con un gobierno del Partido Popular.

Entonces, después, cuando habla del dinero que se ha gastado no sé qué dirigentes del Partido Popular, diga cuánto se ha gastado Ábalos, Cerdán. Si ustedes lo tienen institucionalizado en su partido. Pero, si vamos a hablar de las pulseras, pues, entonces, nos centramos en el tema. En *Espejo Público*, declaraciones de Ana: “Él podía apagarla, quitársela o romperla y no aparecía la policía. Yo no dormía ni de día ni de noche”. En *ABC*, otra declaración de otra víctima: “Me hicieron sentir que estaba loca cuando decía que mi maltratador se la había quitado. Temí por mi vida. Acabo mirando a



todas partes cada vez que salgo de casa”. *El Español*: “Mi agresor me asaltó tres veces y no recibí la alerta”. Lara, en *El País*: “Aquí no ha saltado nada, él no está cerca, pero la pulsera pitaba y pitada, es como si estuviera loca, y completamente sola”. Porque la denuncia no viene por el fallo en sí, porque hay muchas veces que uno se equivoca, que se cometen errores. Lo que indigna es el motivo, y por lo que se pide la dimisión de la ministra es que se conocía perfectamente el problema desde hacía dos años, se ocultó y no se hizo nada y, cuando se descubrió, se minimizó. Ese es el problema.

Desde la gestión del sistema Cometa hasta los escándalos de altos cargos socialistas en casos de prostitución, su credibilidad en materia de igualdad está gravemente comprometida. Y desde la Diputación lo que exigimos hoy es una actuación firme y decidida. No podemos permitir que la política se anteponga a la vida y seguridad de las mujeres y lo que exigimos con esta moción es una auditoría externa e independiente sobre el sistema Cometa y la depuración de responsabilidades y, sobre todo, garantías de que esta situación no se vuelva a repetir. Nada más.

#### Sr. Fernández Piñeiro

É vostede un pouco dada a tirarse á piscina, vímolo recentemente con cousas que aconteceron no seu propio Concello, e eu prégoille que retire esa afirmación que acaba de facer de que a prostitución está institucionalizada no meu partido, porque iso non é de recibo, e é unha auténtica barbaridade que é impropia de calquera servidor público minimamente respectable. Así que pregaríalle, que entendo que ás veces no fragor da batalla se nos pode ir un pouco a boca, pero pregaríalle que retire iso, porque vostede está falando de catro persoas dun partido de milleiros de militantes, onde non está institucionalizada a prostitución. Polo tanto, centrémonos no caso en concreto, que é o das pulseiras. Vostede acaba de dar unha argumentación con casos e con declaracións de mulleres que por iso digo que é un caso grave, piden vostedes que se depuren responsabilidades, imos depuralas e despois pediranse as dimisións, pero haberá que facer primeiro unha cousa e despois a outra. Aí podemos diferir, e evidentemente diferimos porque nós non imos votar a favor da súa moción, pero si lle pregaría que afirmacións dese tipo pois, se puidera, as retirara por respecto á institución e sobre todo a este partido, onde a maioría, a inmensa maioría dos seus militantes non comparten nin moito menos teñen institucionalizada a prostitución, que é o que acaba de dicir vostede. Nada máis, moitas grazas.

#### Sra. García Gorostizu

A lo que me refería con eso es a los negocios del presidente de su partido, es a lo que me refería, pero retiro para que quede aclarado. Solamente aclarar...

#### Sr. Fernández Piñeiro

El presidente de mi partido no tiene ningún negocio, ningún negocio. La familia del presidente de mi partido tenía unos locales que alquilaba para una sauna gay, que cualquier persona en este país sabe que eso no es un prostíbulo. Incluso gente de su partido que las frecuenta lo sabe también perfectamente. Por lo tanto, sería importante que dejemos esa hipocresía y hablemos las cosas y le llamemos por su nombre. Una sauna gay no es un prostíbulo, allí no se paga por mantener sexo; se mantiene sexo de forma consentida. Del mismo modo que el *cruising*, que es otra práctica sexual, pero en vez de una sauna se hace al aire libre, no es prostitución, porque se hace de forma consentida. Si quiere, le puedo dar más casos. Por lo tanto mi presidente, que es el



presidente también de su Gobierno, del Gobierno de todos los españoles, no tiene ningún negocio relacionado con la prostitución, ni su familia ha tenido jamás ningún negocio relacionado con la prostitución, como quedó claro.

Por lo tanto, nuevamente le pido a usted que se retracte y no diga cosas que no son verdad, porque si vamos aquí a dar argumentos sobre falacias y cosas tan gruesas como las que dice usted, hombre algunos no vamos a caer en esa tentación porque tenemos un poco más de educación, pero no creo que añadan mucho nivel a un sitio como el que estamos y a esta institución. Por lo tanto, le pido que sea usted un poquito más rigurosa cuando haga afirmaciones, porque, repito, ni el presidente de mi partido tiene negocios relacionados con la prostitución ni su familia los ha tenido jamás. Porque era propietaria de bajos que estaban alquilados para saunas gays. Seguramente ustedes en esa homofobia que a veces pulula sobre su partido, que por eso los llevó a manifestarse contra los matrimonios homosexuales, pues tendrán esa cierta querencia a pensar que lo que hacen los homosexuales en una sauna es prostitución, pero le invitaría a que se informe un poquito mejor, como hacemos algunos, para poder hablar de determinados temas, porque desde luego le hará un favor sobre todo a usted, que es la que queda en evidencia haciendo determinadas manifestaciones. Nada más y, repito, ya no es la primera vez y no desgraciadamente para usted solo en esta institución, la hace en otros sitios. Por lo tanto, acépteme el consejo, le irá mejor.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados/as (PP).

Votan en contra: 11 deputados/as (10 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 6 deputados/as (BNG).

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

#### **“Moción do Grupo Provincial Popular para esixir responsabilidades sobre os fallos do sistema COMETA**

A violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións violencia de xénero, violencia sexual, prostitución e trata con fins de explotación sexual constitúe a expresión máis inaceptable de desigualdade nunha sociedade democrática como a nosa. A protección das vítimas e a defensa da súa dignidade debe ser unha prioridade innegociable de todas as institucións.

O sistema de dispositivos telemáticos de control coñecido como COMETA é unha das principais ferramentas para garantir a seguridade das mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual, ao permitir a vixilancia efectiva do cumprimento das medidas xudiciais de afastamento. Con todo, tras o cambio do prestador do servizo en 2023, detectáronse fallos graves na migración de datos e no funcionamento dos dispositivos, o que supuxo a perda de información histórica, problemas de localización e cobertura, e mesmo casos nos que os agresores puideron quitarse as pulseiras sen dificultade.

Tal e como denunciaron fiscalías especializadas, sindicatos policiais, xuíces de violencia



sobre a muller e avogados e avogadas especializados/as en violencia de xénero, estas incidencias provocaron sobreesementos provisionais, absolucións de agresores e unha grave desprotección das vítimas. O propio Observatorio de Violencia do CGPJ advertiu no seu día do risco de adxudicar o contrato a empresas sen experiencia suficiente neste ámbito. Ademais, a xestión política desta crise por parte do Ministerio de Igualdade foi claramente insuficiente. Tentáronse minimizar os problemas falando de incidencias "puntuais", cando en realidade prolongáronse durante meses e puxeron en risco a miles de mulleres.

A esta situación súmase un contexto de absoluta falta de exemplaridade por parte do Goberno de Pedro Sánchez, cuxo Executivo se viu salpicado por escándalos sexuais e condutas impropias que provocaron a indignación social e o descrédito institucional. Mentres se minimizaban os fallos do sistema COMETA, que poñían en risco a vida de miles de mulleres, dirixentes socialistas víanse involucrados en episodios bochornosos que ocuparon titulares e que mostran a dobre moral dun Goberno que se presenta como adañ do feminismo mentres tolera ou silencia condutas machistas e abusivas na súa propia contorna

A credibilidade do Executivo en materia de igualdade e protección das mulleres está gravemente comprometida. Non se pode esixir confianza nun Goberno que abandona ás vítimas con dispositivos que fallan, á vez que se ve manchado por escándalos de natureza sexual que agravan aínda máis a sensación de desprotección e impunidade.

A gravidade dos feitos esixe explicacións públicas, depuración de responsabilidades e, sobre todo, garantías de que o sistema COMETA funcione cos máis altos estándares de seguridade e eficacia.

Por todo o anterior, o Grupo Popular da Deputación da Coruña, propón elevar ao Pleno, para o seu debate e votación, a seguinte Moción:

1. Reprobar á ministra de Igualdade e esixir o seu cesamento inmediato, como máxima responsable política da xestión negligente do sistema COMETA e da desprotección de miles de mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual.
2. Esixir ao Goberno de España a contratación inmediata dunha auditoría externa, independente e transparente sobre o contrato, funcionamento e fiabilidade do sistema COMETA, incluíndo tanto a fase de adxudicación como a de implantación e o período actual de servizo.
3. Instar o Ministerio de Igualdade e ao Ministerio do Interior para publicar de maneira inmediata e detallada todos os datos relativos aos fallos do sistema que tivesen incidencia directa na provincia da Coruña incluíndo:
  - Número de vítimas afectadas da provincia da Coruña
  - .Número de procedementos xudiciais alterados ou sobreesidos na provincia da Coruña.
  - Tipoloxía de fallos detectados (localización, cobertura, manipulación de dispositivos etc.) etc.).
  - Duración real das incidencias e protocolos de resposta activados.
4. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Igualdade, ao Ministerio do Interior, ao Ministerio de Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, á Delegación do Goberno





contra a Violencia de Xénero e á Federación Española de Municipios e Provincias, para que se coñeza a postura firme desta Deputación, en defensa das vítimas.”

Sr. Presidente

Seguinte moción, que presenta o Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia-PSOE, relativa aos discursos de odio e violencia política. Hai varias emendas.

## **2. Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa aos discursos de odio e á violencia política.**

No seu preámbulo, a Constitución Española sinala a vontade do pobo español de garantir a convivencia, en tanto que o seu primeiro artigo establece que a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político son os valores superiores do noso ordenamento xurídico.

Doutra banda, o artigo 9º da Constitución Española, no seu apartado 2º establece que: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

Duns anos a esta parte, a convivencia está a ser ameazada por comportamentos inadmisibles nunha democracia, froito da máis absoluta intolerancia con quen pensa diferente, atacando claramente a liberdade e o pluralismo político.

Eses comportamentos arrincan coa violencia verbal, en particular cara ao Presidente do Goberno, pero tamén cara moitos políticos e políticas doutros partidos políticos. Violencia que escoita desde as tribunas parlamentarias, nas comparecencias públicas e, de forma moi virulenta, nas redes sociais cun acoso arrepante, especialmente cando se dirixe a mulleres, cunha linguaxe denigrante que non se pode consentir.

A violencia verbal é o paso previo para que se produza a violencia física: dirixentes políticos hostigados nas redes ou na rúa; centos de sedes, especialmente do Partido Socialista aldraxadas, nalgún caso con risco para a integridade física dos seus militantes; e tamén, agresións físicas a algún dirixente desa organización.

Está violencia empezou a mostrarse tamén nalgunha sede do Partido Popular, como a de Huesca, o que recibiu a condena contundente por parte do PSOE.

En moitas ocasións, a frustración exerceuse desde o anonimato; noutras, axitadores de ultradereita que se fan pasar por xornalistas (a soldo de pseudomedios de comunicación financiados con diñeiro público mediante publicidade institucional por algunhas administracións), capaces de rebentar roldas de prensa no Congreso dos Deputados ou non respectar a mínima intimidade de calquera persoa.

Este tipo de condutas non só se dirixen a políticos senón tamén a profesionais dos medios de comunicación, Ongs, Sindicatos, Plataformas Cidadás, que son tamén obxecto de acoso físico ou en redes, tratando de amedrentar a quen, co amparo constitucional, queren exercer a súa liberdade de informar e de opinar.

Os discursos agresivos e de odio son violencia verbal e o caldo de cultivo para a violencia física, pero hai outro comportamento que non podemos pasar por alto: o silencio, que



pode entenderse como complicidade, e a falta de condena que se converten nunha acción conivente, por canto os violentos non senten ningún reproche moral polas súas accións.

Doutra banda, todo forma parte dunha estratexia para desmobilizar a parte da cidadanía á hora de votar e, o que é tamén gravísimo, disuadir a quen quere achegarse á política, como consecuencia do estado de medo que pretende xerarse, o que supón un grave atentado contra a democracia mesma.

Consideramos que estes feitos e actitudes son intolerables desde un punto de vista democrático, desde a defensa aos dereitos humanos e desde os valores da nosa Constitución.

Por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción dos seguintes acordos:

1. Condenar os ataques a partidos políticos, incluíndo o ataque ás súas sedes, o acoso físico e virtual e as agresións físicas aos seus cargos, entre os que destacan o recente da sede do Partido Popular en Huesca e os sufridos por máis de 200 sedes do Partido Socialista Obreiro Español, algún deles con explosivos caseiros como o acaecido na súa sede de Santander o pasado 25 de abril de 2025, o sufrido na sede do PSdeG-PSOE de Lugo o día 16 de setembro ou a agresión sufrida polo Presidente do Consello Comarcal do Bierzo, o 12 de abril de 2024.

2. Rexeitar os ataques de análoga natureza dirixidos contra profesionais dos medios de comunicación, ONG'S, Sindicatos, Plataformas Cidadás e contra calquera Cidadán ou Cidadá que de maneira libre e democrática quere participar nos debates públicos.

3. Denunciar que estes ataques forman parta dunha campaña orquestrada co fin de atacar as bases da convivencia democrática.

4. Cominar ás formacións políticas a non usar mensaxes que só promoven o odio cara aos adversarios políticos e convida a traballar a todas as forzas políticas para expulsar do debate político o insulto e o odio en aras de reforzar a nosa convivencia e os valores democráticos que desde 1978 déronse e rexido a vida de todos os españois e quen convive connosco.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Desculpade, tiña a moción dos incendios e non me lembraba de que quedou como declaración institucional.

Temos unha moción presentada sobre os discursos de odio e a violencia política.

No seu preámbulo, a Constitución española sinala a vontade do pobo español de garantir a convivencia, en tanto que o seu primeiro artigo establece que a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político son os valores superiores do noso ordenamento xurídico. Doutra banda, o artigo noveno da Constitución española, no seu apartado segundo, establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas. Remover os obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.



Duns anos a esta parte, a convivencia está a ser ameazada por comportamentos inadmisibles nunha democracia, froito da máis absoluta intolerancia con quen pensa diferente, atacando claramente a liberdade e o pluralismo político. Eses comportamentos arrincan coa violencia verbal, en particular cara ao presidente do Goberno, pero tamén cara a moitos políticos e políticas doutros partidos políticos, violencia que se escoita desde as tribunas parlamentarias nas comparecencias públicas e de forma moi virulenta nas redes sociais, cun acoso arrepiante, especialmente cando se dirixe a mulleres, cunha linguaxe denigrante que non se pode consentir.

A violencia verbal é o paso previo para que se produza a violencia física. Dirixentes políticos fustrigados nas redes ou na rúa; centos de sedes, especialmente do Partido Socialista, aldraxadas, nalgún caso con risco para a integridade física dos seus militantes e tamén agresións físicas a algún dirixente desta organización. Esta violencia empezou a mostrarse tamén nalgunha sede do Partido Popular, como a de Huesca, o que recibiu a condena contundente por parte do Partido Socialista. En moitas ocasións a frustración exerceuse dende o anonimato; noutras, axitadores de ultradereita que se fan pasar por xornalistas a soldo de pseudomedios de comunicación financiados con diñeiro público mediante publicidade institucional por algunhas administracións capaces de reventar roldas de prensa no Congreso dos Deputados ou non respectar a mínima intimidade de calquera persoal.

Este tipo de condutas non só se dirixen a políticos, senón tamén a profesionais dos medios de comunicación, ONG, sindicatos, plataformas cidadás, que son tamén obxecto de acoso físico ou en redes, tratando de amedrentar a quen, co amparo constitucional, quere exercer a súa liberdade de informar e de opinar. Os discursos agresivos e de odio son violencia verbal e o caldo de cultivo para a violencia física, pero hai outro comportamento que non podemos pasar por alto: o silencio, que pode entenderse como complicidade e a falta de condena que se converten nunha acción conveniente, por canto os violentos non senten ningún reproche moral polas súas accións. Doutra banda, todo forma parte dunha estratexia para desmobilizar a parte da cidadanía á hora de votar e, o que é tamén gravísimo, disuadir a quen quere achegarse á política como consecuencia do estado de medo que pretende xerarse, o que supón un grave atentado contra a democracia mesma.

Consideramos que estes feitos e actitudes son intolerables dende o punto de vista democrático, dende a defensa aos dereitos humanos e dende os valores da nosa Constitución. Por iso propoñemos os seguintes acordos. No acordo número 1 hai unha modificación froito dunha emenda do Partido Popular que non aceptamos pero que si modificamos e está pactado en xunta de voceiros, e quedará do seguinte teor:

1. Condenar os ataques a partidos políticos, incluíndo o ataque ás súas sedes, o acoso físico ou virtual e as agresións físicas aos seus cargos, tanto no presente como no pasado, entre os que destacan na actualidade o recente da sede do Partido Popular en Huesca e os sufridos por máis de 200 sedes do Partido Socialista Obreiro Español, algúns deles con explosivos caseiros, como o acaecido na sede de Santander o pasado 25 de abril, o sufrido na sede do PSdG-PSOE de Lugo o día 16 de setembro, ou a agresión sufrida polo presidente do Consello Comarcal do Bierzo o 12 de abril de 2024.

2. Rexeitar os ataques de análoga natureza dirixidos contra profesionais dos medios de comunicación, ONG, sindicatos, plataformas cidadás e contra calquera cidadán ou cidadá que de maneira libre e democrática queira participar nos debates públicos.



No acordo número 3, acéptase a emenda do Partido Popular e suprímese.

E o acordo número 4: cominar as formacións políticas a non usar mensaxes que só promoven o odio cara aos adversarios políticos e convida a traballar todas as forzas políticas para expulsar do debate político o insulto e o odio a favor de reforzar a nosa convivencia e os valores democráticos que dende 1978 se deron e rexeron a vida de todos os españois a que convive connosco.

Ben, pois, repito, acéptase a emenda do Partido Popular de supresión do punto número 3 e modifícase o punto número 1.

Sra. Veira González

Si, anunciar que, desde o Grupo Provincial do BNG imos votar a favor desta moción. Nós levamos moito tempo dicindo que a crispación política, fundamentalmente concentrada na política madrileña e na política que se produce no Congreso dos Deputados, non conduce a nada bo; que a política é a arte de resolver os problemas dos cidadáns, e niso deberíamos estar todas e todos centrados. O que pasa é que tamén levamos moito tempo denunciando que, ao mellor, no Estado español non hai unha democracia tan sumamente forte como outros se enorgullecen ou se gaban. Nós cremos que o Estado español ten déficits democráticos, cremos que hai que atallalos, e o Partido Socialista cando eses déficits democráticos non lle tocaban caricaturizaba as organizacións políticas que si o denunciabamos e agora que si que lle tocan esas cuestións pois evidentemente reacciona. Nós, claro, consideramos que hai moitas cuestións que corrixir no Estado español, na súa... comezando por como se deu a Transición; nós somos moi críticos con todo iso, porque non houbo unha ruptura de verdade, e moitos problemas que hoxe padecemos veñen desa falta de ruptura no Estado español coa morte do ditador, e eses déficits democráticos veñen de aí, son orixinarios desa época. E nós tamén consideramos que o Partido Socialista ten que facer algo de autocrítica. Por exemplo, en materia democrática, o Partido Socialista sostén aínda no Congreso dos Deputados a lei mordaza, que é unha cuestión bastante criticábel.

En todo caso, os discursos violentos dentro da política non deberan ter ningún tipo de cabida. Podemos contrastar as nosas opinións con toda a paixón e con toda a firmeza do mundo sen recorrer ao insulto e á descualificación persoal; podemos contrastar opinións e contrastar alternativas sen chegar a eses límites, é a nosa obriga, porque entre outras cousas ese é o factor fundamental polo que a xente se afasta da política, e o afastamento da xente da política é o primeiro paso para acabar coa propia democracia e que a xente estea mirando hoxe en día no Estado español cara a organizacións políticas que, desde logo, non son as máis defensoras da democracia. Polo tanto, eu creo que aquí hai unha responsabilidade colectiva na maneira de facer política, conxunta na maneira de facer política, pero tamén particular de cada organización política de como exerce iso, e que está propoñéndolle á sociedade. Entón, nós, como resumo, imos votar a favor desta moción, pero evidentemente pedimos unha versión máis crítica do Partido Socialista e evidentemente unha versión máis cívica do Partido Popular. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días. Bueno, yo voy a intentar cumplir con lo que acordamos el otro día en la Junta de Portavoces, y era ser comedidos en el uso del tiempo y no usar gran parte del tiempo que tenemos en reiterar argumentos que ya



hemos dicho y repetirlos, etcétera.

Bueno, nosotros, anticipo el voto favorable a esta moción, agradecemos que se acepte una de nuestras enmiendas y parcialmente la otra. No voy a entrar mucho en la exposición de motivos, porque las exposiciones de motivos no son realmente lo que se vota en las mociones, se votan los acuerdos, pero sí quiero hacer mención a algo. “En moitas ocasións a frustración exerce desde o anonimato, noutras axitadoras de ultradereita”. Eu penso que aquí deberíamos falar de axitadores ultras. Gente agitadora con conceptos ultras de la política, bien de ultraderecha, bien de ultraizquierda, han protagonizado incidentes, escraches, acosos, y una forma de hacer política realmente lamentable que viene de unos años esta parte, ahora se suman otros dese otro lado, pero a nada bueno nos han conducido y nada bueno han traído a la política nacional.

Respecto a los acuerdos, bueno, me alegro de que se hayan incluido los ataques presentes y pasados. El Partido Popular ha sufrido numerosos ataques a sus sedes y normalmente no hace mucho, en Santiago de Compostela también, pero ya en el pasado muchos más, cuando teníamos responsabilidades de gobierno en España, en términos muy, muy, muy fastidiados, a mí me tocaba en algún momento estar allí, en algunos momentos, y antes de tener responsabilidades políticas como simple militante o trabajando y colaborando en campañas, hemos sufrido acoso, insultos, vejaciones de todo tipo, y bueno, pues bienvenidos a condenar todas estas cosas, que, repito, no hay agresiones buenas o agresiones malas, hay agresiones o no hay agresiones.

Yo creo que la política hay que desarrollarla desde la confrontación política, desde la confrontación de ideas. Es verdad que a veces la violencia verbal y agitándonos en exceso estamos generando un efecto espejo en la calle que hemos conseguido convertir de alguna manera, o algunos están convirtiendo de alguna manera la política en o estás conmigo o estás contra mí, y yo creo que eso no es la forma de hacer política en este país y tampoco ha sido históricamente en esta institución. Es decir, yo puedo estar en profundo desacuerdo con el señor Fernández, en muchas ocasiones, en demasiadas creo yo, pero el respeto a nivel personal, igual que a doña Avía, igual al señor Regueira, muchos compañeros de este partido, es decir, sin tener ningún tipo de coincidencia ideológica, o muy pocas, pero tiene que haber un respeto. Y eso tiene que traducirse luego a la calle, una persona del BNG puede tener una perfecta relación con una persona del PP o del PSOE, y en el PP exactamente igual, desde el pensamiento distinto y ejerciendo la herramienta más poderosa que tiene un ciudadano en España, que es la capacidad de votar libremente a la opción política que mejor le convenga en cada momento, y esto que parece de Perogrullo y esto que parece tan lógico, últimamente parece que a veces lo olvidamos todos.

Y, ya por último, me quiero centrar en el cuarto punto, en “cominar as formacións políticas a non usar mensaxes que só promoven o odio”. No, yo creo que hay que conminar a las formaciones políticas a no usar mensajes que promuevan el odio. Me explico, estamos invitando a formaciones que presuntamente solo promueven el odio a que no lo hagan, pero no estamos conminando al resto de nuestras formaciones políticas, todas las formaciones políticas, a no lanzar mensajes de odio. No es que solo lancen mensajes de odio, es que no se pueden lanzar mensajes de odio, porque eso, evidentemente, polariza, fragmenta y generamos, en vez de conciudadanos con formas de pensar completamente distintas, perfecto, situaciones complicadas. Y creo que debemos hacer todos una reflexión en este camino. Y se hace mención al 78, y yo, haciendo mención al 78, yo creo que fue una transición la mejor posible en ese momento, que nos ha traído hasta aquí, y quiero, porque hizo mención antes don Bernardo a esta



cuestión, quiero decir que el presidente fundador de mi partido, del que yo, no es que me avergüence, que estoy profundamente orgulloso de ser el que fue, el fundador de mi partido, es uno de los ponentes de los padres de la Constitución, de la Constitución que sigue vigente a día de hoy. Es decir, no se puede sugerir que este partido no vea con buenos ojos que las mujeres votaran, como usted ha dicho hace poco, cuando nuestro presidente fundador ha sido uno de los padres de la Constitución y, oiga, eso está ahí, ¿no? Y otras cuestiones que ha dicho, que no vamos a entrar en ellas para no reproducir debates que no tienen mucho sentido. Yo repito, concordia, pensamientos plurales, diversidad, pero ser honestos desde nuestros postulados y no generar situaciones que no nos van a traer nada bueno a nadie. Nuestro voto va a ser favorable a esta moción. Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Grazas. Procedemos á votación.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa aos discursos de odio e á violencia política.**

No seu preámbulo, a Constitución Española sinala a vontade do pobo español de garantir a convivencia, en tanto que o seu primeiro artigo establece que a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político son os valores superiores do noso ordenamento xurídico.

Doutra banda, o artigo 9º da Constitución Española, no seu apartado 2º establece que: “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

Duns anos a esta parte, a convivencia está a ser ameazada por comportamentos inadmisibles nunha democracia, froito da máis absoluta intolerancia con quen pensa diferente, atacando claramente a liberdade e o pluralismo político.

Eses comportamentos arrincan coa violencia verbal, en particular cara ao Presidente do Goberno, pero tamén cara moitos políticos e políticas doutros partidos políticos. Violencia que escoita desde as tribunas parlamentarias, nas comparecencias públicas e, de forma moi virulenta, nas redes sociais cun acoso arrepiante, especialmente cando se dirixe a mulleres, cunha linguaxe denigrante que non se pode consentir.



A violencia verbal é o paso previo para que se produza a violencia física: dirixentes políticos hostigados nas redes ou na rúa; centos de sedes, especialmente do Partido Socialista aldraxadas, nalgún caso con risco para a integridade física dos seus militantes; e tamén, agresións físicas a algún dirixente desa organización.

Está violencia empezou a mostrarse tamén nalgunha sede do Partido Popular, como a de Huesca, o que recibiu a condena contundente por parte do PSOE.

En moitas ocasións, a frustración exerceuse desde o anonimato; noutras, axitadores de ultradereita que se fan pasar por xornalistas (a soldo de pseudomedios de comunicación financiados con diñeiro público mediante publicidade institucional por algunhas administracións), capaces de rebentar roldas de prensa no Congreso dos Deputados ou non respectar a mínima intimidade de calquera persoa.

Este tipo de condutas non só se dirixen a políticos senón tamén a profesionais dos medios de comunicación, Ongs, Sindicatos, Plataformas Cidadás, que son tamén obxecto de acoso físico ou en redes, tratando de amedrentar a quen, co amparo constitucional, queren exercer a súa liberdade de informar e de opinar.

Os discursos agresivos e de odio son violencia verbal e o caldo de cultivo para a violencia física, pero hai outro comportamento que non podemos pasar por alto: o silencio, que pode entenderse como complicidade, e a falta de condena que se converten nunha acción conivente, por canto os violentos non senten ningún reproche moral polas súas accións.

Doutra banda, todo forma parte dunha estratexia para desmobilizar a parte da cidadanía á hora de votar e, o que é tamén gravísimo, disuadir a quen quere achegarse á política, como consecuencia do estado de medo que pretende xerarse, o que supón un grave atentado contra a democracia mesma.

Consideramos que estes feitos e actitudes son intolerables desde un punto de vista democrático, desde a defensa aos dereitos humanos e desde os valores da nosa Constitución.

Tralo seu tratamento na Xunta de portavoces celebrada o pasado 1 de outubro, modifícanse os acordos propostos no punto 1 da moción e suprimindo o punto 3 de tal xeito que, por todo o exposto, o grupo provincial do PSdeG-PSOE propón a adopción dos seguintes acordos:

1. Condenar os ataques a partidos políticos, tanto no presente coma no pasado, incluíndo o ataque ás súas sedes, o acoso físico e virtual e as agresións físicas aos seus cargos, entre os que destacan o recente da sede do Partido Popular en Huesca e os sufridos por máis de 200 sedes do Partido Socialista Obreiro Español, algún deles con explosivos caseiros como o acaecido na súa sede de Santander o pasado 25 de abril de 2025, o sufrido na sede do PSdeG-PSOE de Lugo o día 16 de setembro ou a agresión sufrida polo Presidente do Consello Comarcal do Bierzo, o 12 de abril de 2024.

2. Rexeitar os ataques de análoga natureza dirixidos contra profesionais dos medios de comunicación, ONG'S, Sindicatos, Plataformas Cidadás e contra calquera Cidadán ou



Cidadá que de maneira libre e democrática quere participar nos debates públicos.

3. Cominar ás formacións políticas a non usar mensaxes que só promoven o odio cara aos adversarios políticos e convida a traballar a todas as forzas políticas para expulsar do debate político o insulto e o odio en aras de reforzar a nosa convivencia e os valores democráticos que desde 1978 déronse e rexido a vida de todos os españois e quen convive connosco.”

Sr. Presidente

Moitas grazas. Pasamos á seguinte moción, que presentan os grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG, relativa ao xenocidio israelí en Gaza.

### **3. Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa ao Xenocidio Israelí en Gaza**

Durante as operacións militares israelís en Gaza, que comezaron tras os ataques de Hamás do 7 de outubro de 2023, cualificados por múltiples organismos internacionais como crimes de guerra e que deixaron máis de 1.250 mortos e máis de 250 reféns, Israel despregou unha ofensiva militar de gran escala que provocou un dano devastador á poboación civil palestina.

Desde hai case dous anos o mundo está a ser testemuña dun grao inconcibíbel de morte e destrución na Franxa de Gaza ocupada. O brutal ataque do Estado de Israel contra a poboación palestina de Gaza deixou, segundo datos recentes do Ministerio de Saúde de Gaza e da ONU, máis de 65.000 persoas asasinadas, incluídos 18.500 crianzas, e 159.000 resultaron feridas. Barrios enteiros foron arrasados, infraestruturas críticas destruídas, e máis do 90% da poboación, uns 2 millóns de persoas, foi desprazada forzosamente, xerando unha catástrofe humanitaria sen precedentes. Son cifras arrepiantes, inaceptábeis, que non só vulneran calquera noción básica do principio de humanidade, senón que violan os fundamentos básicos do dereito internacional. Sendo contundentes, estamos asistindo a un xenocidio a ceo aberto retransmitido en directo.

A Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios da ONU (OCHA) estima que menos do 14% do territorio de Gaza segue sendo habitable, e que a poboación está confinada en espazos cada vez máis reducidos. Máis do 70% do territorio foi declarado zona de "seguridade" ou "amortiguación" por Israel, obrigando aos civís a evacuar baixo ordes militares.

O pasado 8 de agosto, o Gabinete de Seguridade israelí aprobou un plan para tomar o control total da cidade de Gaza, desmilitarizar o territorio e establecer unha administración civil alternativa a Hamás e a Autoridade Palestina. Esta decisión foi cualificada pola ONU como o inicio dun "novo capítulo horrible" no sufrimento dos palestinos.

A situación alimentaria deteriorouse gravemente. A ONU documentou 98 mortes infantís por desnutrición aguda grave, 37 delas só no último mes. A Organización Mundial da Saúde advirte que case dous millóns de nenos están en situación de inseguridade alimentaria severa, e 345.000 en fase catastrófica. As consecuencias para a saúde desta xeración serán irreversibles incluso se se logra unha mellora a curto prazo.

Desde o 26 de maio, o reparto de axuda humanitaria foi asumido por unha ONG operada por empresas de seguridade estadounidenses, no marco dun plan israelí para substituír o





sistema de distribución internacional. As imaxes do primeiro centro de repartición, colapsado pola afluencia de persoas desesperadas por conseguir comida, foron cualificadas como "desgarradoras".

Mentres tanto, Israel rompeu unilateralmente o cesamento do fogo e continúa con ataques implacables. Nos últimos días, máis dun centenar de persoas morreron en Gaza por bombardeos dirixidos á capital Gazatí. A ONU advertiu que unha "operación intensificada" podería desprazar a un millón de persoas adicionais.

Neste contexto, España situouse á vangarda da acción internacional en defensa dos dereitos humanos do pobo palestino e da solución de dous Estados, Israel e Palestina, como única vía para unha paz xusta e duradeira. España foi dos primeiros países en acudir, xunto con Sudáfrica, ao Tribunal Internacional de Xustiza para denunciar a situación en Gaza baixo o marco da Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de xenocidio. En maio de 2024, o Goberno de España recoñeceu ao Estado de Palestina, e desde entón traballou intensamente para sumar apoios internacionais, liderando iniciativas diplomáticas na Unión Europea e Nacións Unidas.

Estas accións, xunto con outras como a promoción de varias resolucións da ONU para esixir o cesamento do fogo permanente, o apoio á acción da Corte Penal Internacional e da Corte Internacional de Xustiza, o envío de axuda humanitaria a Gaza ou a detención da venda de equipamento militar a Israel; apuntan a dirección a seguir co fin de presionar ao executivo israelí. Mais isto non implica que non sexa necesario ter que chegar a tomar medidas máis contundentes como a ruptura de todo tipo de relacións co Estado de Israel e a imposición de sancións.

A Deputación da Coruña, como institución democrática, comprometida cos dereitos humanos, a paz e a xustiza social, debe expresar a súa máis firme repulsa ante os gravísimos feitos que o Estado de Israel está a perpetrar na Palestina. Non podemos ficar indiferentes nin en silencio diante do alcance e consecuencias do xenocidio que se está a desenvolver contra da poboación palestina na faixa de Gaza.

Por todo iso, ante a necesidade de que os Estados se pronuncien ante unha realidade que nos interroga a todas e a todos, a Deputación da Coruña debe unirse ás voces que reclaman o fin inmediato do xenocidio, o respecto ao Dereito Internacional e a xustiza para o pobo palestino.

Por todo o exposto, ante a necesidade urxente de que os Estados se pronuncien desde o respecto á dignidade humana os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. A Deputación da Coruña condena con rotundidade o xenocidio que está a cometer o Goberno de Israel contra o pobo palestino, ademais da ocupación sionista.
2. A Deputación da Coruña expresa a súa solidariedade co pobo palestino, vítimas dunha ofensiva de Israel que vulnera de forma sistemática os dereitos máis fundamentais.
3. A Deputación da Coruña apoia as manifestacións e expresións espontáneas e cívicas en favor do pobo palestino e a campaña de boicot, desinvestimentos e sancións contra Israel.
4. A Deputación da Coruña non participará de maneira activa en ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole na que participen entidades que representen ao Estado de Israel ou sexan financiados por el, así como aquelas que contribúan a promover ou branquear o xenocidio que está cometendo sobre o pobo palestino.



5. A Deputación da Coruña solidarizarse coas persoas que denuncian públicamente o xenocidio contra o pobo palestino e rexeita todo tipo de represión.

6. A Deputación da Coruña reforzará o seu apoio aos proxectos da cooperación galega coa Palestina.

7. A demanda dun cesamento inmediato das hostilidades, a entrada urxente de axuda humanitaria e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas, incluído o recoñecemento do dereito do pobo palestino a dispor dun Estado libre e soberano.

8. Que na liña das declaracións efectuadas polo presidente da Autoridade Nacional Palestina Mahmud Abás o día 25 de setembro de 2025 ante a Asemblea da ONU Hamás non teña ningún papel que desempeñar na gobernanza de Palestina e que entregue todas as armas no seu poder á Autoridade Palestina (ANP).

9. Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza.

10. Que a Unión Europea utilice a súa influencia e poder en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto que garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixe, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoiem as institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.

11. Que a Unión Europea se opoña de forma frontal a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar á poboación palestina de Gaza ou Cisjordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra.

12. Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, ás voceiras dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España, ao Parlamento Galego, á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

#### Sr. Fernández Piñeiro

Durante as operacións militares israelís en Gaza, que comezaron tras os ataques de Hamas do 7 de outubro de 2023, cualificados por múltiples organismos internacionais como crimes de guerra e que deixaron máis de 1.250 mortos e máis de 250 reféns, Israel despregou unha ofensiva militar de gran escala que provocou un dano devastador á poboación civil palestina.

Dende hai case dous anos, o mundo está a ser testemuña dun grao inconcibíbel de morte e destrución na Franxa de Gaza ocupada. O brutal ataque do Estado de Israel contra a poboación palestina de Gaza deixou, segundo datos recentes do Ministerio de Saúde de Gaza e da ONU, máis de 65.000 persoas asasinadas, incluídas 18.500 crianzas e 150.000 resultaron feridas. Barrios enteiros foron arrasados e infraestruturas críticas destruídas, e máis do 90% da poboación, uns 2 millóns de persoas, foron desprazados forzosamente, xerando unha catástrofe humanitaria sen precedentes. Son cifras arrepiantes e inaceptables que non só vulneran calquera noción básica do principio de humanidade, senón que violan os fundamentos básicos do dereito internacional.



Sendo contundentes, estamos asistindo a un xenocidio a ceo aberto retransmitido en directo. A Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios da ONU estima que menos do 14% do territorio de Gaza segue sendo habitable e que a poboación está confinada en espazos cada vez máis reducidos. Máis do 70% do territorio foi declarada zona de seguridade ou amortiguación por Israel, obrigando os civís a evacuar baixo ordes militares. O pasado 8 de agosto, o Gabinete de Seguridade Israelí aprobou un plan para tomar o control total da cidade de Gaza, desmilitarizar o territorio e establecer unha Administración civil alternativa a Hamas e á Autoridade Palestina. Esta decisión foi cualificada pola ONU como un inicio dun novo capítulo horrible no sufrimento dos palestinos. A situación alimentaria deteriorouse gravemente. A ONU documentou 98 mortes infantís por desnutrición aguda grave, 37 delas só no último mes. A Organización Mundial da Saúde advirte que case 2 millóns de nenos están en situación de inseguridade alimentaria severa e 345.000 en fase catastrófica. As consecuencias para a saúde desta xeración serán irreversibles incluso se se logra unha mellora a curto prazo. Desde o 26 de maio, o reparto de axuda humanitaria foi asumido por unha ONG operada por empresas de seguridade estadounidenses no marco dun plan israelí para substituír o sistema de distribución internacional. As imaxes do primeiro centro de repartición colapsado pola afluencia de persoas desesperadas por conseguir comida foron cualificadas como desgarradoras. Mentres tanto, Israel rompeu unilateralmente o cesamento do fogo e continúa con ataques implacables. Nos últimos días, máis dun centenar de persoas morreron en Gaza por bombardeos dirixidos á capital gazatí. A ONU advertiu que unha operación intensificada podería desprazar un millón de persoas adicionais. Neste contexto, España situouse á vangarda da acción internacional en defensa dos dereitos humanos do pobo palestino e da solución dos dous estados, Israel e Palestina, como única vía para unha paz xusta e duradeira.

España foi dos primeiros países en acudir, xunto con Sudáfrica, ao Tribunal Internacional de Xustiza para denunciar a situación en Gaza baixo o marco da Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio. En maio de 2024, o Goberno de España recoñeceu o Estado de Palestina e, desde entón, traballou intensamente para sumar apoios internacionais liderando iniciativas diplomáticas na Unión Europea e Nacións Unidas. Estas accións, xunto con outras, como a promoción de varias resolucións da ONU para exixir o cesamento do fogo permanente ou o apoio á acción da Corte Penal Internacional e da Corte Internacional de Xustiza, o envío de axuda humanitaria a Gaza ou a detención da venda de equipamento militar a Israel, apuntan á dirección a seguir co fin de presionar o Executivo israelí.

Mais isto non implica que non sexa necesario ter que chegar a tomar medidas máis contundentes, como a ruptura de todo tipo de relacións co Estado de Israel e a imposición de sancións. A Deputación da Coruña como institución democrática, comprometida cos dereitos humanos, a paz e a xustiza social, debe expresar a súa máis firme repulsa ante os gravísimos feitos que o Estado de Israel está a perpetrar en Palestina. Non podemos ficar indiferentes nin en silencio diante do alcance e consecuencias do xenocidio que se está a desenvolver contra a poboación palestina na Franxa de Gaza. Por todo isto, ante a necesidade de que os estados se pronuncien ante unha realidade que nos interroga a todas e todos, a Deputación da Coruña debe unirse ás voces que reclaman o fin inmediato do xenocidio, o respecto ao dereito internacional e a xustiza para o pobo palestino. Por todo isto que acabo de expoñer, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

1. A Deputación da Coruña condena con rotundidade o xenocidio que está a cometer o Goberno de Israel contra o pobo palestino, ademais da ocupación sionista.



2. A Deputación da Coruña expresa a súa solidariedade co pobo palestino, vítimas dunha ofensiva de Israel que vulnera de forma sistemática os dereitos máis fundamentais.

3. A Deputación da Coruña apoia as manifestacións e expresións espontáneas e cívicas en favor do pobo palestino e a campaña de boicot, desinvestimentos e sancións contra Israel.

4. A Deputación da Coruña non participará de maneira activa en ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole no que participen entidades que representen o Estado de Israel ou sexan financiadas por el, así como aquelas que contribúan a promover ou branquear o xenocidio que está cometendo sobre o pobo palestino.

5. A Deputación da Coruña solidarízase coas persoas que denuncian publicamente o xenocidio contra o pobo palestino e rexeita todo tipo de represión.

6. A Deputación da Coruña reforzará o seu apoio aos proxectos de cooperación galega coa Palestina.

7. A demanda dun cesamento inmediato das hostilidades, a entrada urxente de axuda humanitaria e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas, incluído o recoñecemento do dereito do pobo palestino a dispor dun Estado libre e soberano.

8. Que, na liña das declaracións efectuadas polo presidente da Autoridade Nacional Palestina, Mahmud Abbas, o día 25 de setembro de 2025, ante a Asemblea da ONU, Hamas non teña ningún tipo de papel que desempeñar na gobernanza de Palestina e entregue todas as armas no seu poder á Autoridade Palestina.

9. Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a Poboación Palestina de Gaza.

10. Que a Unión Europea utilice a súa influencia e poder en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto, que garanta o respecto aos convenios de Xenebra, que exixa, como mínimo, que todos os estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoiem as institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o territorio palestino ocupado.

11. Que a Unión Europea se opoña de forma frontal a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar a poboación palestina de Gaza ou Cisjordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do IV Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra.

12. Dar traslado do presente acordo, ao presidente do Goberno; ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; ás voceiras dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado; ao Parlamento Europeo; á Embaixada do Estado de Palestina en España; ao Parlamento galego; á Federación Española de Municipios e Provincias; e á Federación Galega de Municipios e Provincias.



### Sra. Veira González

Grazas. Ben, pois con esta moción o que pretendemos desde o Grupo Provincial do BNG é chamarlles ás cousas polo seu nome. É dicir, chamarlle ao que está facendo Israel en Palestina, o que está facendo máis concretamente en Gaza é un xenocidio. Iso é o que está a pasar diante dos nosos ollos cunha comunidade internacional absolutamente cómplice en todo isto. Por iso a moción tamén incide moito no papel da Unión Europea en toda esta cuestión.

A realidade é que Israel ten un plan, e o seu plan chámase acabar con Palestina. E o seu plan pasa por incumprir o dereito internacional. O seu plan pasa por acabar cos dereitos humanos. E detrás de todo isto evidentemente está o descrédito de toda a comunidade internacional, porque como é posible que Netanyahu se pasease o outro día pola Asemblea da ONU tendo unha orde de detención da Corte Penal Internacional? Algunhas preguntámonos esas cousas. Que é o que está facendo a comunidade internacional para evitar todo isto? Que a UNRWA non pode entrar en Palestina. E que é moi grave. Que se está castigando un pobo con fame, que se lle está masacrando, e iso chámase xenocidio. Búsqueno nun dicionario, chámase xenocidio. É unha limpeza étnica. E non empezou hai dous anos co atentado de Hamas, non empezou hai dous anos. Isto é un plan de Israel de hai moito tempo. Evidentemente, agora dunha maneira particularmente cruel. Pero isto é un plan de Israel de hai moitos anos. E o que non pode, efectivamente, como comentabamos era que a comunidade internacional simplemente, agora mesmo, é que non está a facer absolutamente nada que sexa absolutamente radical para rematar con este xenocidio. Agora parece que se empeza a criticar iso que durante moitos anos se deu na Unión Europea, máis concretamente, que é darlle carta de normalidade absoluta a Israel nos eventos deportivos, nos eventos culturais, é algo absolutamente normal, como se Israel fose un Estado máis da Unión Europea. Esa é a realidade, e iso é o que estivo acontecendo durante todos estes anos, cunha obediencia ademais absoluta e un interese absoluto dos Estados Unidos en todo isto. Porque é bastante forte que os Estados Unidos agora se queiran erixir nos negociadores da paz en Palestina, cando o que queren, na práctica, é converter aquilo nun *resort* e xa está, e eliminar toda a poboación palestina.

Entón eu creo que o que temos diante dos ollos é suficientemente grave e axústase, como di a ONU, á definición de xenocidio. O primeiro para afrontar un problema é saber poñerlle nome e despois o que buscamos, como dicía, e xa para concluír é que a comunidade internacional realmente se mova para presionar a Israel onde lle doe, para presionar a Israel onde lle doe e rematar con todo isto.

Desde o BNG, por último, queremos tamén facer un chamado a quen nos poida estar escoitando, porque este domingo hai unha manifestación en Santiago de Compostela, en repulsa de todo o que está facendo Israel, contra o xenocidio e creo que ten que ser unha manifestación na que efectivamente todas as galegas e galegos amosemos ese rexeitamento e amosemos a nosa humanidade, porque, se non facemos nada contra isto, pois ao final isto vai acabar coa humanidade. Nada máis.

### Sr. García Seoane

Eu estou de acordo coa moción, moi *light*. Eu ata propoñería, se o queren incluír, declaración de terroristas internacionais os delincuentes presidente dos Estados Unidos e de Israel, o primeiro ministro de Israel, o señor Trump e Netanyahu. É que ás veces aquí estamos confundindo todo. Trump é un verdadeiro ditador. Nunca houbo un ditador tan



grande desde Hitler, desde Hitler non se recorda no mundo un ditador tan grande, un animal, un animal que lle falta turrar contra as paredes, porque xa está turrando contra os cidadáns do seu país perseguindo un montón de cidadáns, eliminando un montón de cidadáns e influíndo no mundo na matanza dun montón de persoas nas guerras que provocan eles a través da CIA e outras organizacións que teñen. Por tanto, que sucede? Isto é imposible, é imposible porque é mentira a ONU, é mentira o Tribunal da Haia, é mentira, todo iso é mentira porque o que hai no mundo é un atallo de covardes que os teñen agarrados polas partes nobres e entón non se atreven a falar porque o día que falen llelos estiran e llelos arrancan. Estamos falando dun tema gravísimo, gravísimo, que non se recorda na historia do mundo, como digo, desde que hai coñecemento escrito, desde a Segunda Guerra Mundial, o animal que quería destruír tamén toda Europa, pois estamos agora nas mans de dous animais, dous becerros noxentos que gozan de facer o que queren porque llelo consenten os gobernos covardes, como digo, covardes e agarrados polas partes nobres.

Por tanto, eu vou votar e agradecería que declaráramos tamén terroristas internacionais estes dous elementos indesexables.

### Sr. Lorenzo Torres

Gracias, señor presidente. Buenos días a todos y a todas.

A nosotros hoy nos pidieron que fuéramos breves en las intervenciones y yo realmente voy a ser bastante breve.

Yo escuché atentamente la moción que antes me había, por supuesto, leído del señor Fernández y les voy a decir sinceramente que estoy de acuerdo con muchas de las cosas que se ponen en esa moción y con muchas de las cosas que se relatan en esa moción.

Es verdad que es una moción que se presentó el 25 de septiembre y en la actualidad hoy ya estamos en un escenario distinto y quizás en este momento haya una esperanza para la paz. A mí, la verdad, sinceramente me da igual quien proponga la paz, pero lo que pedimos todos es que llegue de una vez la paz porque esto no se puede consentir más.

Estamos asistiendo a diario a una barbarie, un tema que no podemos ya ni asimilar las imágenes que vemos en la televisión de cómo se está maltratando, cómo se están las atrocidades, la masacre que se está haciendo contra un pueblo, contra un pueblo que es verdad que yo no voy a entrar en el pasado, porque esto es un conflicto que viene desde hace años, pero lo que tengo claro es que de este conflicto siempre hay víctimas y el pueblo gazatí es una de las mayores víctimas que está sufriendo en estos momentos un ataque que no tiene ningún tipo de justificación. Independientemente de que en su momento todo empezó como empezó, que además viene de atrás este último golpe, yo todas las mañanas que suelo rezar un poco, qué le voy a hacer, soy creyente, todas las mañanas le soy sincero, pero me cago en estos sinvergüenzas, en estos hijos de mala madre que donde se puede poner paz ponen guerra. Y digo por qué. Porque no podemos olvidarnos que esta situación a lo mejor viene porque Israel había conseguido, estaba hablando con ciertos países árabes y aquí habían llegado aquellos pactos llamados de Abraham, aquellos patos que suponían una luz en la solución de un conflicto que lleva desde hace muchos años. A raíz de esos pactos y a través de Irán, Hamas, que es un grupo terrorista, hace un ataque totalmente condenable donde mueren 2.700



personas, donde retienen a más de 250 personas que someten a tortura, donde en estos momentos aún hay 70 rehenes allí que tienen que devolver y que están sobre todo sometiendo al pueblo palestino, porque Hamas también es uno de los temas que también tenemos que denunciar. Ese grupo terrorista que está sometiendo a un pueblo y ese ataque del Netanyahu, que es un ataque que ya ha pasado todas las líneas del derecho humanitario.

Mientras estamos aquí hablando nosotros, que pase lo que pase hoy aquí, por desgracia, no vamos a solucionar nada, en los cantones llevan desde las nueve de la mañana leyendo, leyendo los nombres de los niños que han fallecido en este conflicto. Cuando nos marchemos esta noche, todos a la comodidad de nuestras casas, a nuestras camas, después de haber cenado, seguirán leyendo los nombres de esos niños que han fallecido. Entonces, esto también es lo que tenemos que pensar.

Y yo le digo, señor Fernández, estoy muy de acuerdo en muchas de las cosas que usted ha dicho. Estoy muy de acuerdo en esta masacre que no se puede consentir. Decía la señora Veira que a las cosas hay que llamarles por su nombre. Bueno, pues si llamamos por su nombre, hay una Corte Internacional que en estos momentos tiene una orden de detener al señor Netanyahu para que después de un juicio, por supuesto justo, porque los juicios siempre deben ser justos, se le condene. Pero el nombre se lo tiene que poner un juez, una corte internacional, no nosotros, a esta masacre y a esta barbarie. Normalmente nos gusta ponerle el nombre a las cosas. Yo el otro día escuchaba al presidente del Gobierno, que, como dice el señor Bernardo, también es nuestro presidente, decía mi hermano es inocente, mi mujer es inocente. Bueno, mire, que una persona sea inocente o no, no lo tenemos que decir nosotros. Lo tiene que decir un juez, sobre todo cuando hay un procedimiento abierto. Y en estos momentos también hay un procedimiento abierto en las cortes internacionales contra este tema. Y esperamos y todos esperamos y deseamos que después de una justicia justa se haga una condena. Pero, dicho todo esto, dicho todo esto, ya le digo, muchos de los puntos que usted pone ahí nosotros los admitimos.

Me hubiera gustado que entre todos hubiéramos llegado a un consenso sobre este tema, porque todos sentimos el mismo rechazo. Esto no va de ideologías, esto va de ser humanos, y estamos viendo este ataque diario a los derechos humanos de muchas personas, que no solo mueren y los que sobreviven, porque ya no viven, allí se sobrevive sin luz, sin agua, sin médicos, sin alimentación. Ver las imágenes de niños muertos de hambre que van a buscar comida y les pegan un tiro en la cabeza o en el pecho eso cualquier persona que tenga la mínima, la mínima humanidad, tiene que levantar su voz y alzar en contra. Que se acabe de una vez esta barbarie, que se acabe de una vez esta masacre. Que las cortes internacionales, que para eso están, en su día juzguen y castiguen a todos aquellos que promueven este tipo de situaciones. Y por eso pedimos, pedimos que entre todos trabajemos juntos por esa paz, pero que este tema no sirva para enfrentarnos más o para sacar rendimientos políticos. Eso no, porque, mientras estamos hablando aquí, ahora mismo, sigue muriendo gente y, mientras estamos hablando aquí, sigue aumentando la lista de los niños que han fallecido en el día de hoy. Por lo tanto, esa lista que les digo va a ser incompleta.

Señores, nosotros vamos a abstenernos, vamos a abstenernos, porque, estando de acuerdo con muchas cosas, hay cosas que tendrían que ser matizadas. Pero yo llamo, apelo a todos, apelo a todos, que sigamos alzando la voz contra esto. Que no nos callemos nunca. Que busquemos entre todos la paz tan necesaria y, sobre todo, que se cumplan los deseos de que haya un Estado palestino, que haya un Estado judío, que se



consiga en un futuro, muy difícil, una convivencia pacífica y que se cumplan todas las resoluciones que en su día dictó la ONU y que siguen vigentes de respeto al pueblo palestino. Muchísimas gracias por su atención.

Sr. Presidente

Muchas gracias. Procedemos a...

Sr. Fernández Piñeiro

Honestamente, Miguel, que a abstención se basee en que ten que ser un xuíz o que diga se é un xenocida ou non paréceme unha desculpa de mal pagador, non dubidando do teu compromiso, loxicamente, coa defensa dos dereitos humanos e desta causa, pero entendo que é un posicionamento de partido, porque non me sorprende, estano dicindo noutros ámbitos da política nacional, pero paréceme que é de mal pagador.

Aquí temos aprobado unha moción, lembro por poñer un exemplo cando o asasinato de Samuel Luiz e se citaba asasinato na moción e ningún xuíz se manifestara sobre se era un asasinato, un homicidio ou calquera outro tipo de forma de matar a alguén. Se imos fiar tan fino e teremos que esperar a que os xuíces digan o que son as cousas para que nós nos poidamos manifestar a ese respecto, pois imos entrar nun bucle un pouco complexo. Non vou falar doutras manifestacións que acabamos de escoitar nunha moción precedente sobre prostitución, etc., que tampouco se espera a que o diga un xuíz e se di claramente, non? Pero neste caso, que é un tema moitísimo máis serio, e acabo de poñer de exemplo outro caso que era igual de serio, non tivemos ningún reparo en cualificar todos como asasinato algo sobre o que un xulgado non se tiña manifestado e sabemos, ben, ti sabes moito mellor ca min, que hai matices na lexislación que son os mesmos cos que ti pretendes argumentar para que non poidamos definir o que está pasando en Gaza como un auténtico xenocidio.

Unha cousa é o que poida dicir un xuíz ou a Corte Penal Internacional, pero nós teremos criterio propio tamén e, polo tanto, nós, os propoñentes da moción, e, coma nós, milleiros de persoas deste país entendemos que o que está pasando alí é un xenocidio. E esperar a que o diga un xuíz para definilo paréceme que non é de recibo dadas as circunstancias. Non entendo o posicionamento do Partido Popular en xeral, isto non é nin moito menos un ataque á túa exposición de motivos, que, repito, entendo que vén en gran medida dada polo posicionamento do teu partido, pero non entendo o posicionamento do Partido Popular neste tema, como tardou tanto en chamar polo seu nome ao que era e como, aínda así, segue tendo dificultades para chamar polo seu nome ao que é. Xa non vou falar do Partido Popular de Madrid, xa ve que fago un distingo. Recoñézolle ao Partido Popular en xeral un posicionamento que, dende logo, polo que escoitamos onte no Parlamento, ou na Asemblea de Madrid, que é auténticamente vergoñante para calquera demócrata, pois xa ve que non fago *tabula rasa* nin llo adxudico a vostede. É unha parte do seu partido que penso que, dado o seu posicionamento, igual estaba mellor fóra do seu partido; fraco favor lle fan, non só ao seu partido, senón á democracia do noso país e ás institucións. Pero, aínda así, abstraéndonos da situación e do posicionamento do Partido Popular en Madrid e da súa presidenta, non acabo de entender por que custa tanto dicir xenocidio e que se pretende gañar ou a quen se pretende non ofender ou a quen se pretende contentar con non chamarlle xenocidio ao asasinato de máis de 60.000 civís. Cando ademais estamos vendo todos e todas que é unha cuestión que está perfectamente organizada. Non é dicir





que é unha bomba e de repente matounos a todos, non. Está organizado. Cada paso que dan anúnciase e está pensado para o que está pensado. Recentemente o propio ministro de Facenda e Economía de Israel dicía que ían facer iso que en principio parecía que era algo que alguén inventara, dun *resort*; recoñeceuno o propio ministro. Polo tanto, todo aquilo que se vai dicindo acábase cumprindo. E, máis alá do que poida dicir a Corte Penal Internacional, a ONU, que entendo que os que estamos aquí respectamos a súa independencia, xa cualificou como xenocidio o que pasa en Gaza.

Polo tanto, repito, é unha mágoa que, por un posicionamento que para min é incompreensible, honestamente, non poidamos sacar esta moción por unanimidade, repito, porque en casos non similares, porque desgraciadamente isto é moito peor, pero en casos onde houbo tamén a perda de vidas humanas non fixemos ese matiz. Polo tanto, non entendo por que se te que facer no día de hoxe. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi ben. Procedemos á votación.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

### ACORDO

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

#### **“Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG relativa ao Xenocidio Israelí en Gaza**

Durante as operacións militares israelís en Gaza, que comezaron tras os ataques de Hamás do 7 de outubro de 2023, cualificados por múltiples organismos internacionais como crimes de guerra e que deixaron máis de 1.250 mortos e máis de 250 reféns, Israel despregou unha ofensiva militar de gran escala que provocou un dano devastador á poboación civil palestina.

Desde hai case dous anos o mundo está a ser testemuña dun grao inconcibíbel de morte e destrución na Franxa de Gaza ocupada. O brutal ataque do Estado de Israel contra a poboación palestina de Gaza deixou, segundo datos recentes do Ministerio de Saúde de Gaza e da ONU, máis de 65.000 persoas asasinadas, incluídos 18.500 crianzas, e 159.000 resultaron feridas. Barrios enteiros foron arrasados, infraestruturas críticas destruídas, e máis do 90% da poboación, uns 2 millóns de persoas, foi desprazada forzosamente, xerando unha catástrofe humanitaria sen precedentes. Son cifras arrepiantes, inaceptábeis, que non só vulneran calquera noción básica do principio de humanidade, senón que violan os fundamentos básicos do dereito internacional. Sendo contundentes, estamos asistindo a un xenocidio a ceo aberto retransmitido en directo.

A Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios da ONU (OCHA) estima que menos do 14% do territorio de Gaza segue sendo habitable, e que a poboación está confinada



en espazos cada vez máis reducidos. Máis do 70% do territorio foi declarado zona de "seguridade" ou "amortiguación" por Israel, obrigando aos civís a evacuar baixo ordes militares.

O pasado 8 de agosto, o Gabinete de Seguridade israelí aprobou un plan para tomar o control total da cidade de Gaza, desmilitarizar o territorio e establecer unha administración civil alternativa a Hamás e a Autoridade Palestina. Esta decisión foi cualificada pola ONU como o inicio dun "novo capítulo horrible" no sufrimento dos palestinos.

A situación alimentaria deteriorouse gravemente. A ONU documentou 98 mortes infantís por desnutrición aguda grave, 37 delas só no último mes. A Organización Mundial da Saúde advirte que case dous millóns de nenos están en situación de inseguridade alimentaria severa, e 345.000 en fase catastrófica. As consecuencias para a saúde desta xeración serán irreversibles incluso se se logra unha mellora a curto prazo.

Desde o 26 de maio, o reparto de axuda humanitaria foi asumido por unha ONG operada por empresas de seguridade estadounidenses, no marco dun plan israelí para substituír o sistema de distribución internacional. As imaxes do primeiro centro de repartición, colapsado pola afluencia de persoas desesperadas por conseguir comida, foron cualificadas como "desgarradoras".

Mentres tanto, Israel rompeu unilateralmente o cesamento do fogo e continúa con ataques implacables. Nos últimos días, máis dun centenar de persoas morreron en Gaza por bombardeos dirixidos á capital Gazatí. A ONU advertiu que unha "operación intensificada" podería desprazar a un millón de persoas adicionais.

Neste contexto, España situouse á vangarda da acción internacional en defensa dos dereitos humanos do pobo palestino e da solución de dous Estados, Israel e Palestina, como única vía para unha paz xusta e duradeira. España foi dos primeiros países en acudir, xunto con Sudáfrica, ao Tribunal Internacional de Xustiza para denunciar a situación en Gaza baixo o marco da Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de xenocidio. En maio de 2024, o Goberno de España recoñeceu ao Estado de Palestina, e desde entón traballou intensamente para sumar apoios internacionais, liderando iniciativas diplomáticas na Unión Europea e Nacións Unidas.

Estas accións, xunto con outras como a promoción de varias resolucións da ONU para esixir o cesamento do fogo permanente, o apoio á acción da Corte Penal Internacional e da Corte Internacional de Xustiza, o envío de axuda humanitaria a Gaza ou a detención da venda de equipamento militar a Israel; apuntan a dirección a seguir co fin de presionar ao executivo israelí. Mais isto non implica que non sexa necesario ter que chegar a tomar medidas máis contundentes como a ruptura de todo tipo de relacións co Estado de Israel e a imposición de sancións.

A Deputación da Coruña, como institución democrática, comprometida cos dereitos humanos, a paz e a xustiza social, debe expresar a súa máis firme repulsa ante os gravísimos feitos que o Estado de Israel está a perpetrar na Palestina. Non podemos ficar indiferentes nin en silencio diante do alcance e consecuencias do xenocidio que se está a desenvolver contra da poboación palestina na faixa de Gaza.

Por todo iso, ante a necesidade de que os Estados se pronuncien ante unha realidade que nos interroga a todas e a todos, a Deputación da Coruña debe unirse ás voces que reclaman o fin inmediato do xenocidio, o respecto ao Dereito Internacional e a xustiza para o pobo palestino.



Por todo o exposto, ante a necesidade urxente de que os Estados se pronuncien desde o respecto á dignidade humana os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. A Deputación da Coruña condena con rotundidade o xenocidio que está a cometer o Goberno de Israel contra o pobo palestino, ademais da ocupación sionista.
2. A Deputación da Coruña expresa a súa solidariedade co pobo palestino, vítimas dunha ofensiva de Israel que vulnera de forma sistemática os dereitos máis fundamentais.
3. A Deputación da Coruña apoia as manifestacións e expresións espontáneas e cívicas en favor do pobo palestino e a campaña de boicot, desinvestimentos e sancións contra Israel.
4. A Deputación da Coruña non participará de maneira activa en ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole na que participen entidades que representen ao Estado de Israel ou sexan financiados por el, así como aquelas que contribúan a promover ou branquear o xenocidio que está cometendo sobre o pobo palestino.
5. A Deputación da Coruña solidarízase coas persoas que denuncian públicamente o xenocidio contra o pobo palestino e rexeita todo tipo de represión.
6. A Deputación da Coruña reforzará o seu apoio aos proxectos da cooperación galega coa Palestina.
7. A demanda dun cesamento inmediato das hostilidades, a entrada urxente de axuda humanitaria e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas, incluído o recoñecemento do dereito do pobo palestino a dispor dun Estado libre e soberano.
8. Que na liña das declaracións efectuadas polo presidente da Autoridade Nacional Palestina Mahmud Abás o día 25 de setembro de 2025 ante a Asemblea da ONU Hamás non teña ningún papel que desempeñar na gobernanza de Palestina e que entregue todas as armas no seu poder á Autoridade Palestina (ANP).
9. Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza.
10. Que a Unión Europea utilice a súa influencia e poder en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto que garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixe, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoiem as institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.
11. Que a Unión Europea se opoña de forma frontal a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar á poboación palestina de Gaza ou Cisjordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra.
12. Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, ás voceiras dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España, ao Parlamento Galego, á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)."



## ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Moi ben, pasamos a rogos, preguntas. Si, Evaristo.

Sr. Ben Otero

Un ruego, doña Mónica, es muy genérico, es un tema que ya habíamos hablado en otra ocasión, es referente al concello de Lousame, que aprovecho también para dar un saludo en nombre de todo el grupo provincial a nuestra anterior alcaldesa, Teresa Villaverde, que por motivos personales decidió dejar la alcaldía. Pero había cierto compromiso de acercarse hasta allí a ver unas carreteras de titularidad provincial. Yo le pido que, en la medida de lo posible y lo antes que le encaje en agenda, que se pase usted por allí a ver las carreteras, el estado en el que están las carreteras provinciales. Nada más y muchas gracias.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Bo día a todos e a todas, desculpen.

Señor Evaristo Ben, nos próximos días poñerémonos en contacto e intentaremos axendar esa visita ao Concello de Lousame. De acordo? Grazas.

Sr. Presidente

Moi ben. Pois moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:44 horas.